

ACTA Nº 04-2012
DA SESION ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO
MUNICIPAL
- DIA 27/03/2012

Marxe que se cita:

ASISTENTES

Presidente:

ADOLFO F. MUIÑOS SANCHEZ.- (BNG)

Concelleiros/as asistentes :

ADELINA CES QUINTANS (BNG)

XOAN VICENZO CES RODRÍGUEZ (BNG)

Mª TERESA SOBRADELO IGLESIA.- (BNG)

CONSTANTINO CASTAÑO CALVO (BNG)

JOSE CARLOS GEY HERMO (PSOE)

Mª OLGA GONZÁLEZ DOURADO (PSOE).-
CHEGA AS 20:10

ANA MARIA AGRELO REY (PSOE)

Mª VANESA MARTÍNEZ DURAN (PP)

JOSE RICARDO BESADA GESTO (PP)

Mª DE LAS NIEVES VICENTE VARELA (PP)

JOSE LUIS CASTIÑEIRAS LESENDE (PP).-

ELISA BOUZAS VICENTE (PP)

HADRIANA ORDOÑEZ OTERO (BNG)

SONIA CASTAÑO EIRAS (PSOE)

ANA MARIA EITOR VIDAL (PP)

Concelleiros ausentes:

JOAQUIN DOMINGUEZ SALGADO (PSOE)

Secretaria:

Carolina Costoya Pardo

Interventora:

Na Casa Consistorial de Rianxo na data sinalada ut supra, ás **20:00 horas** reúnen os/as Concelleiros/as electos/as que á marxe se indican, coa asistencia da Secretaria da Corporación, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión do Pleno Municipal, neste caso sesión ordinaria, adiantada previo acordo.

Constatada a presenza de todos os seus membros e polo tanto a existencia de quórum suficiente para celebrar a sesión deste órgano, pola Presidencia declárase aberta a sesión e procédese a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDEN DO DÍA:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR: 23 de febreiro de 2012.

2º.- DACION DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDIA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO.

3º.- DACION DE CONTA DA APROBACIÓN DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DO EXERCIZO 2011.-

4º.- DACION DE CONTA DO INFORME DA INTERVENCIÓN RELATIVO AO CUMPRIMENTO DO PLAN DE SANEAMENTO APROBADO COMO REQUISITO DO RD. LEI 5/2009, DO 24 DE ABRIL.

5º.- CREACIÓN E DELEGACIÓN DA XESTIÓN DA ADMINISTRACIÓN DA SEDE ELECTRONICA NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E ENCOMENDA DE XESTIÓN PARA TRAMITAR AS SOLICITUDES DE CERTIFICADOS ELECTRÓNICOS DE EMPREGADO PÚBLICO, SELO E SEDE ELECTRÓNICA.-

6º.- AUMENTO DE TARIFAS NA CONCESIÓN DO SERVIZO MUNICIPAL DE AUTOBUSES.-

7º.- CONVOCATORIA PARA ADXUDICACIÓN DAS LICENZAS PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ALUGUER MEDIANTE AUTOTURISMO SEN APARELLO TAXÍMETRO.

8º.- RESERVA DO POSTO DE TESOURERÍA A FUNCIONARIOS CON HABILITACIÓN DE CARACTER ESTATAL E MODIFICACIÓN DO CADRO DE PERSOAL E PLANTILLA DE FUNCIONARIOS.-

9º.- MODIFICACIÓN DO CADRO DE PERSOAL E PLANTILLA DO PERSOAL LABORAL PARA ADECUACIÓN Á SITUACIÓN REAL.-

10 º.- MOCIONS DE URXENCIA.

11 º.- ROGOS E PREGUNTAS

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR: 23 de febreiro de 2012.

Acta Nº 3 Sesión ordinaria do día 23 de febreiro de 2012.

A Presidencia pregúntalle aos Concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta indicada.

Non habendo observacións ao respecto, queda APROBADA a acta citada por unanimidade dos presentes, 15 dos 17 que legalmente a constituén.-

2.- DACION DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDIA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO.

2.A) A Presidencia da conta das Resolucións de Alcaldía ditadas dende o día 01 de febreiro de 2012 ata o 29 de febreiro de 2012, que comprenden os números 99/2012 ao 160/2012.

Non se producen intervencións.

O Pleno da Corporación DÁSE POR ENTERADO.

2.B) A Presidencia da conta das Actas das Xuntas de Goberno Local que se indican a continuación:

- Acta Nº 4 Sesión ordinaria do día 28 de xaneiro de 2012.
- Acta Nº 5 Sesión ordinaria do día 13 de febreiro de 2012.

Non se producen intervencións.

O Pleno da Corporación DÁSE POR ENTERADO.-

3.- DACION DE CONTA DA APROBACIÓN DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DO EXERCIZO 2011

O Sr.Alcalde da conta da Resolución da Alcaldía nº 196/2012 de data 19 de marzo de 2012, cuxo contido é o que segue:

<<Presentada a Liquidación do Orzamento do exercicio 2011 e informada pola Intervención Municipal en data 19/03/2012.

Vistas as facultades que en materia de aprobación da Liquidación me confire o artigo 191.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, así como o artigo 90 do Real Decreto 500/90, de 20 de Abril, polo que se desarrolla o capítulo primeiro do título sexto da citada Lei.

RESOLVO:

Primero: Prestar aprobación da Liquidación de Gastos e Ingresos do Orzamento do Concello de Rianxo correspondente ó exercicio 2011, que mostra o seguinte resumo:

a) Estado operativo

GASTOS ORZAMENTARIOS	IMPORTE (OBRIGAS RECOÑ)	INGRESOS ORZAMENTARIOS	IMPORTE (DEREITOS RECOÑ NETOS)
1. Gastos de persoal	2.451.208,00 €	1. Impostos directos	1.800.561,81 €
2. Gtos bens ctes e serv.	2.026.605,94 €	2. Impostos indirectos	15.016,50 €
3. Gastos financeiros	135.041,25 €	3. Tasas e outros ingres	1.085.055,46 €
4. Transfer. correntes	101.158,44 €	4. Transfer. correntes	2.922.664,74 €
		5. Ingresos patrimoniais	2.595,25 €
6. Inversións reais	1.091.834,52 €	6. Enaxen. invers. reais	0,00 €
7. Transfer. de capital	0,00 €	7. Transfer. de capital	713.612,44 €
8. Activos financeiros	0,00 €	8. Activos financeiros	0,00 €
9. Pasivos financeiros	973.873,71 €	9. Pasivos financeiros	334.816,92 €
TOTAL	6.779.721,86 €	TOTAL	6.874.323,12 €

b) Resultado orzamentario

1	DRN (cap 1-5)	5.825.893,76 €	ORN (cap 1-5)	4.714.013,63 €
2	DRN (cap 6-7)	713.612,44 €	ORN (cap 6-7)	1.091.834,52 €
3	Total operación non financeiras (1+2)	6.539.506,20 €		5.805.848,15 €
4	DRN (cap 8)	0,00 €	ORN (cap 8)	0,00 €
5	total activos financeiros(4)	0,00 €		0,00 €
6	DRN (cap 9)	334.816,92 €	ORN (cap 9)	973.873,71 €
7	Total pasivos financeiros(6)	334.816,92 €		973.873,71 €
8	Total DRN	6.874.323,12 €	Total ORN	6.779.721,86 €
9	RESULTADO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO sen axuste (total DRN-Total ORN)			94.601,26 €
10	Obrigas financiadas con Remanente de Tesourería para Gastos Xerais			0,00 €
11	Desviacións de financiación imputables ao exercicio negativas			464.791,96 €
12	Desviacións de financiación imputables ao exercicio positivas			145.602,80 €
13	RESULTADO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO AXUSTADO (9+10+11-12)			413.790,42 €

c) Remanente de tesourería

DEREITOS PENDIENTES DE COBRO.

1. De Orzamento de Ingresos. Orzamento Corrente	444.071,87 €
2. De Orzamento de Ingresos. Orzamento Cerrado	928.441,80 €
3. De Operacións non Orzamentarias	1.727,24 €
4. MENOS: Cobros realizados pendentes de aplicación definitiva (123.300,79) €	
TOTAL DEREITOS PENDIENTES DE COBRO	1.250.940,12 €

OBRIGAS PENDIENTES DE PAGO

1. De Orzamento de Gastos. Orzamento Corrente	1.053.644,60 €
2. De Orzamento de Gastos. Orzamentos Cerrados	1.438,19 €
3. De Operacións non Orzamentarias	183.066,08 €
5. MENOS: Pagos realizados pendentes de aplicación definitiva (9.011,91) €	
TOTAL OBRIGAS PENDIENTES DE PAGO	1.229.136,96 €

FONDOS LÍQUIDOS

TOTAL FONDOS LÍQUIDOS	460.847,12 €
------------------------------	---------------------

RT Total =	482.650,28 €
Dereitos de difícil recadación =	- 597560,32 €
RTGFA =	- 559.983,26 €
RTGX =	- 674.893,30 €

Segundo: Dar conta ó Pleno desta liquidación correspondente ó exercicio 2011 e que se remita copia desta á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma en consonancia co previsto nos artigos 193.4 e 193.5 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e no artigo 91 do Real Decreto 500/90.>>

O pleno DASE POR ENTERADO.

4.- DACION DE CONTA DO INFORME DA INTERVENCIÓN RELATIVO AO CUMPRIMENTO DO PLAN DE SANEAMENTO APROBADO COMO REQUISITO DO RD. LEI 5/2009, DO 24 DE ABRIL

O Sr.Alcalde da conta do informe emitido pola Intervención municipal de data 19 de marzo de 2012, cuxo contido é o que segue:

<<Asunto: Evaluación anual do cumprimento do Plan de saneamento aprobada como requisito do Real Decreto – Lei 5/2009, de 24 de abril, de medidas extraordinarias e urxentes para facilitar ás Entidades Locais o saneamento de débedas pendentes de pago con empresas e autónomos.

1. **Antecedentes:**

- *Acordo do Pleno da corporación de data 01/07/2009 de aprobación dun Plan de saneamento, necesario para concertar unha operación extraordinaria de endebedamento no marco do Real Decreto- Lei 5/2009.*
- *Acordo do Pleno da corporación de data 30/07/2009 de corrección de erros materiais e actualización de datos de endebedamento do Plan de saneamento aprobado na sesión plenaria de data 01/07/2009.*

2. **Legislación aplicable:**

- ❖ Real Decreto – Lei 5/2009, de 24 de abril, de medidas extraordinarias e urxentes para facilitar ás Entidades Locais o saneamento de débedas pendentes de pago con empresas e autónomos.
- ❖ Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- ❖ Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenrola o Capítulo I do Título VI do TRLRFL, en materia orzamentaria.
- ❖ Orde de 20 de setembro de 1989, pola que se establece a estrutura dos orzamentos das Entidades Locais.
- ❖ Orde EHA/4041/2004 de 23 de novembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de Contabilidade Local.
- ❖ Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local (LRBRL).
- ❖ Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común (LRXPAC).
- ❖ Real Decreto 1174/1987, de 18 de setembro, de Réxime Xurídico dos Funcionarios de Administración Local con Habilitación de Carácter Nacional.
- ❖ Normativa autonómica e demais normas de aplicación.

3. **Informe:**

- a. *O artigo 9 do Real Decreto Lei 5/2009 esixe como requisito para a operación extraordinaria de endebedamento bancario prevista no mencionado real decreto- lei que anualmente se evalúe, pola intervención municipal, o cumprimento do Plan de saneamento, aprobado pola Entidade Local. Este informe debe ser remitido ao Ministerio de Economía e Facenda antes do 31 de marzo do ano seguinte a aquel ao que se refira a liquidación, previo coñecemento do Pleno da Corporación e por transmisión electrónica.*
- b. *Coa finalidade de realizar a avaliación coa debida rigurosidade, esta intervención optou por seguir o mesmo esquema que segue o propio Plan de saneamento, e dicir, avaliación das medidas adoptadas no orzamento de ingresos, avaliación das medidas adoptadas no orzamento de gastos e finalmente avaliación da evolución dos índices de cumprimento do Plan de saneamento.*
- c. **Cumprimento do Plan de saneamento:**
 - c.1. **ORZAMENTO DE INGRESOS**

c.1.1. Impostos directos:

Indicar que no capítulo 1 de ingresos a diferencia entre os dereitos recoñecidos realmente e as previsións do plan é de 13.174,56 € por debaixo das previsións do Plan. O análise pormenorizado dos importes mais relevantes é o que se indica a continuación.

c.1.1.1. IBI

O importe que se prevía no Plan como dereitos recoñecidos por IBI ascendía a 1.171.439,56 € e o liquidado realmente ascende a 1.140.225,77 €. Incúmprese o compromiso previsto para o IBI, non se alcanza, nun importe que ascende a 31.213,76 €.

Advírtese que no Plan de saneamento do 2009 non se tivo en conta o IBI rústico pola súa pequena incidencia. Neste exercicio ascenderon os dereitos recoñecidos por este importe a 1.388,26 €.

c.1.1.2. IVTM

A medida adoptada para incrementar estes recursos correntes foi o incremento do coeficientes a aplicar sobre as cotas fixadas no artigo 95 do TRLRFL nun 3% anual. Esta medida estase a aplicar por parte do Pleno da corporación, pero os importes non se axustan debidamente ao previsto, xa que os dereitos recoñecidos netos esperados eran de 552.029,56 € e a realidade de dereitos recoñecidos netos é de 537.292,28 € o que supón un segundo, se contamos o do IBI, desaxuste de 14.737,28 € a baixa.

c.1.1.3. IAE

Non se preveu ningunha medida que afecte a anualidade 2011. Pero o crecemento dos dereitos recoñecidos foi superior ao previsto. Así o plan preveía 70.314,68 € e os dereitos recoñecidos por este concepto ascenden a 88.243,70 € (a diferencia ascende a 17.929,02 €). Producíndose un axuste á alza.

c.1.1.4. IIVTNU

Non se preveu ningunha medida que afecte a anualidade 2011. Sen embargo, recoñécense dereitos por 33.411,80 €, cando o plan prevía 19.736,59 €. Neste caso, tamén hai un axuste á alza por importe de 13.675,21 €

c.1.2. Impostos indirectos:

Para o cálculo do imposto indirecto prevíronse como dereitos recoñecidos 605.533,95 € pois o plan baseábase na execución do polígono empresarial de Rianxo que para ese ano estimábase que daría lugar a dereitos recoñecidos por importe de 443.957,74 €. É evidente que non se executou o polígono empresarial aos niveis previstos o que debe unirse ao parón da construción residencial e as solicitudes dos importes recadados por ICIO, de obras que xa non se van a executar. O desaxuste neste concepto é de 590.517,45 €.

c.1.3. Taxas e outros ingresos non afectados a operacións de capital:

As previsións tampouco se cumpriron neste concepto. Os dereitos recoñecidos previstos eran de 1.141.544,78 € e o recoñecemento unha vez feita a liquidación alcanza 1.085.055,46 €. Volvémonos a encontrar coa execución do polígono empresarial de Rianxo para o que se estimou un importe de 45.875,65 € en dereitos recoñecidos por taxas.

Tamén incide neste desaxuste que a ordenanza fiscal por ocupación de dominio público da telefonía móbil está impugnada, polo que non se está a liquidar esta taxa a espera da sentenza.

c.1.4. Transferencias correntes:

Neste capítulo as previsións do plan víronse superadas, concretamente nun importe de 235.945,97 €. A causa é que no plan de saneamento por aplicación do criterio de prudencia so se tivo en conta as transferencias correntes previstas inicialmente no orzamento e por tanto todo o non previsto inicialmente no orzamento supón un incremento. Este é o caso da concesión da subvención para axuda no fogar de persoas valoradas como dependentes, da recibida para mantemento da oficina do ARI,.... Tampouco tiñan previsión inicial no orzamento as transferencias doutras entidades locais, en concreto as da Deputación da Coruña. Isto ten especial incidencia, xa que a Deputación dende o 2010 permite destinar o 50 por cento do POS a gasto corrente.

c.1.5. Ingresos patrimoniais

Para o cálculo desta magnitude se toma o previsto no orzamento do exercicio 2008 e se mantivo invariable, nembargantes sufríu unha redución de 2.900,94 €, debido a que os tipos de xuro, que son a referencia da retribucións dos fondos, baixaron considerablemente.

c.2. ORZAMENTO DE GASTOS

c.2.1. Gastos de persoal

Como medida neste capítulo de gasto adoptouse a redución de gasto das prazas vacantes neses momentos para todo o ano. Esta medida levouse a cabo de feito no exercicio 2011 nin se quera se dotaron orzamentariamente a maioría. O axuste positivo que permite esta magnitude é debida a medidas en materia de persoal de carácter estatal previstas na lei de orzamentos do Estado para 2011 e non a economías locais.

c.2.2. Gastos en bens correntes e servizos

A medida que se recollía neste capítulo supoñía un exhaustivo control do gasto para garantir a prohibición de calquera gasto sen consignación orzamentaria (prohibición recollida xa na Lei xeral orzamentaria e no Texto refundido de facendas locais). Esta medida non se levou a cabo coa debida efectividade, pois segundo se deduce do peche da contabilidade existen 573.848,14 € en situación de acredores pendentes de aplicar ao orzamento, neste caso ao exercicio 2011. O desaxuste por este concepto é de 34.398,13 €, pero debería incrementarse co importe que se reflicte na conta 413 da contabilidade municipal.

c.2.3. Gastos financeiros

Para a previsión deste capítulo consideráronse os gastos financeiros das operacións xa concertadas e os da operación proxectada dentro das medidas do Real Decreto- lei 5/2009. Todos os cálculos de gastos financeiros realizáronse tendo en conta as condicións concertadas das operacións a longo prazo, tanto das xa vixentes como das novas concertadas. Favoreceu o cumprimento a baixada dos tipos de xuros a aplicar. A corporación concertou unha operación a longo prazo durante o exercicio 2011 co ICO dentro das medidas do Real decreto lei 8/2011, do 01 de xullo, que establecía a posibilidade de que as Entidades Locais, con carácter excepcional, puideran formalizar operacións de crédito a longo prazo para permitir a cancelación das súas obrigas pendentes de pago con empresas e autónomos, derivadas da adquisición de subministrados, realización de obras e prestación de servizos. En concreto o concello de Rianxo concertou unha operación co ICO por importe de 334.816,92 €. Esta operación aínda non se reflectiu na liquidación porque os primeiros xuros devénganse transcorrido un ano, o xuro é do 6,5 %.

c.2.4. Transferencias correntes

Neste capítulo preveuse como medida correctora do remanente de tesourería unha redución do 50%, respecto do previsto no 2008. Pero as estimacións non se cumpriron, pois prevíase recoñecer obrigas por transferencias correntes ata o importe máximo de 89.100,21 € e recoñcéronse por importe de 101.158,44 €, o que supón un incremento do gasto previsto de 12.058,23 €, provocando un desaxuste no cumprimento do Plan.

c.2.5. Pasivos financeiros

Igual que para os gastos do capítulo 3, "gastos financeiros", para a previsión deste capítulo consideráronse os gastos de amortización das operacións a longo prazo, tanto das xa vixentes como das novas concertadas dentro das medidas do Real Decreto- lei 5/2009. Neste caso, a desviación por maiores obrigas recoñecidas ten o seu orixe nas modificacións do tipos de xuros que afectan nos importes amortizados ao terse concertado as operacións polo sistema francés de amortización. No exercicio 2012 ademais afectará a xa mencionada operación concertada co ICO dentro das medidas do Real decreto lei 8/2011.

c.3. EVOLUCIÓN DOS ÍNDICES DE CUMPRIMENTO DO PLAN DE SANEAMENTO

Os indicadores de cumprimento do plan previstos na Resolución de 5 de maio de 2009 da Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Comunidades Autónomas e coas Entidades Locais, pola que se establece o procedemento e a información a subministrar polas entidades Locais que se acollan ó disposto no título 1 do Real decreto – lei 5/2009, de medidas extraordinarias e urxentes para facilitar as Entidades Locais o saneamento de débedas pendentes de pago con empresas e autónomos son:

Aforro neto, calculado como diferenza entre a suma dos capítulos 1,2,3,4 e 5 de ingresos e a suma dos capítulos 1,2,3,4 e 9 de gastos, descontados os ingresos do capítulo 3 legalmente afectos a operacións de capital.

Este indicador preveíase que sería de 360.735,66 €. O cálculo cos datos reais da liquidación do orzamento 2011 ascende a 138.006,42 €. O aforro neto é positivo por primeira vez dende que se aprobou o plan. Nembargantes advírtese que no exercicio 2009 quedan acredores pendentes de aplicar ao orzamento por importe de 573.848,14 €.

Déficit de tesourería anual, que mide a capacidade real para poder atender ao pago, razón pola que o Plan incorpora en cada ano de vixencia, as previsións de recadación e pago do exercicio corrente e de exercicios cerrados dos mesmos ingresos e gastos considerados para o aforro neto.

É evidente que esta entidade ten déficit de tesourería, de feito esta magnitude ten un resultado que se obtén dos datos da liquidación do exercicio 2011 negativo nun importe de 170.033,54 €, cando a previsión era que fose positivo nun importe de 51.363,50 €.

Remanente de tesourería para gastos xerais, mide o cumprimento do plan de saneamento, este debería ser cero ou ter signo positivo, unha vez axustado no importe total das obrigas que no seu caso quedasen pendentes de aplicar ó orzamento no ano respectivo.

Este índice sen axustar é negativo, o seu importe ascende a -674.893,30 €. Unha vez se axusta polo importe de obrigas pendentes de aplicar ao orzamento (axuste negativo por importe de 573.848,14 €) o importe do remanente de tesourería alcanza os -1.248.741,44 €.

Advertir que ó non obter remanente de tesourería positivo, o Real decreto – lei 5/2009 prohibe realizar inversións nos exercicios de vixencia do plan financiadas con endebedamento.

CONCLUSIÓN:

- *Respecto dos ingresos existen desviacións respecto ao plan do exercicio 2009 que ascenden a un total a 428.136,30 €.*
- *Respecto dos gastos existen aforros respecto dos importes do Plan de 275.706,54 € debido fundamentalmente a redución impostas polo estado nas retribucións do persoal público.*
- *É necesario facer axuste no plan para garantir o seu cumprimento que absorba para o exercicio 2011 a desviación de 152.429,76 € e as consecuencias nos exercicio futuros da escasa execución do polígono empresarial de Rianxo.*

Este e o meu informe que someto a calquera outro con mellor criterio fundado en Dereito.

Rianxo, 19 de marzo de 2012
A INTERVENTORA
Mª Belén Rodríguez Tourón>>

O pleno DASE POR ENTERADO.

5.- CREACIÓN E DELEGACIÓN DA XESTIÓN DA ADMINISTRACIÓN DA SEDE ELECTRONICA NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E ENCOMENDA DE XESTIÓN PARA TRAMITAR AS SOLICITUDES DE CERTIFICADOS ELECTRÓNICOS DE EMPREGADO PÚBLICO, SELO E SEDE ELECTRÓNICA.

Sendo as 20:10 horas incorporase a sesión a Concelleira D^a. M^a Olga González Dourado.

O Sr. Alcalde parte da proposta que figura no expediente deste asunto, que literalmente di:

<<A Deputación Provincial da Coruña a levado a cabo unha serie de actuacións para acadar a implantación da Administración Electrónica, mediante unha plataforma que se porá a disposición dos concellos da provincia, previa adhesión do Convenio marco de colaboración para uso compartido da sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña polos concellos da provincia e o Acordo de encomenda de xestión entre os concellos e a Deputación Provincial da Coruña para tramitar as solicitudes de certificados electrónicos.

No expediente consta:

- Ø informe emitido pola Secretaria o 08/02/2012 ao respecto, e sobre o cumprimento dos prazos establecidos na normativa para garantir por unha banda o acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos e por outra unha mellora da xestión administrativa.
- Ø informe do Técnico Informático municipal do 15/03/2012 sobre os medios que estima precisos e dispoñibles ou insuficientes para atender as obrigas estipuladas no texto de ambos acordos, viabilidade e demais aspectos que entenda de interese.

Esta Alcaldía, por consideralo de sumo interese para a posta en marcha da Administración Electrónica neste concello, propón ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

1. A creación da sede electrónica do Concello de Rianxo, de titularidade municipal, cuxo enderezo electrónico de referencia será: sede.concelloderianxo.es configurándose como unha subsede da sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña (sede.dicoruna.es) e que estará accesible para a cidadanía directamente a través do seu enderezo ou a través do enderezo desta última.

2. A delegación da xestión e administración da sede electrónica municipal e para tal fin, a adhesión ao convenio marco de colaboración aprobado pola Deputación Provincial da Coruña para a utilización compartida da súa sede electrónica.

3. Realizar todas as actuacións que resulten necesarias no ámbito das competencias municipais para dar cumprimento aos compromisos asumidos no devandito convenio e, en particular, adoptar o acordo de encomenda de xestión entre o concello e a Deputación Provincial da Coruña para tramitar as solicitudes de certificados electrónicos de empregado público, selo e sede electrónica, que resulta necesario para a aplicación do convenio de colaboración suscrito entre a Xunta de Galicia e a Fegamp para o desenvolvemento da administración electrónica nas entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia.

4. Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia.

ANEXOS

CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN PARA O USO COMPARTIDO DA SEDE ELECTRÓNICA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA POLOS CONCELLOS DA PROVINCIA E PARA A XESTIÓN E ADMINISTRACIÓN DAS SEDES ELECTRÓNICAS MUNICIPAIS

<<Localidade>>, <<día>> de <<mes >> de <<ano>>

REUNIDOS

Dunha parte, D. Diego Calvo Pouso, que actúa en nome e representación da Deputación Provincial da Coruña en virtude das competencias atribuídas pola Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

E doutra, D/D.^a <<nome e apelidos do alcalde/alcaldesa>>, alcalde/alcaldesa do Concello de <<municipio>>, que actúa en nome e representación do concello, en virtude das competencias atribuídas igualmente pola Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Ambas as dúas partes, recoñécense a capacidade legal e competencia necesarias para formalizar o presente convenio,

EXPOÑEN

Primeiro.- Que a Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, creou o concepto de «sede electrónica», xustificando pola «necesidade de definir claramente a «sede» administrativa electrónica coa que se establecen as relacións, promovendo un réxime de identificación, autenticación, contido mínimo, protección xurídica, accesibilidade, dispoñibilidade e responsabilidade». O artigo 10.1 da mesma lei define a sede electrónica como «aquela dirección electrónica dispoñible para os cidadáns a través de redes de telecomunicacións cuxa titularidade, xestión e administración corresponde a unha administración pública, órgano ou entidade administrativa no exercicio das súas competencias». O apartado 3 do mesmo artigo establece que «cada administración pública determinará as condicións e instrumentos de creación das sedes electrónicas».

Segundo.- Que por acordo plenario, do 29 de abril de 2011, publicado definitivamente no Boletín Oficial da Provincia nº 162 - xoves, 25 de agosto de 2011, creou a sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña, cuxo ámbito de aplicación é a totalidade da administración da Deputación provincial, no artigo 14 apartado 4. desta sinalase que estenderá o seu ámbito aos organismos públicos e outras entidades locais que se determinen nos convenios de colaboración que, no seu caso, subscriba a Deputación Provincial da Coruña cos titulares dos organismos públicos e entidades locais.

Terceiro.- Que ambas as dúas partes consideran que interesa no presente caso relacionarse coa cidadanía a través dunha sede electrónica compartida, tanto por razóns de economía como de eficacia, por canto a entidade local ou o organismo público beneficiaríanse da experiencia e infraestrutura da Deputación Provincial da Coruña para este tipo de instrumentos.

Ambas as dúas partes están interesadas en procurar a mellor e máis económica prestación de servizos electrónicos aos cidadáns, dando con iso plena satisfacción aos principios e dereitos contidos na Lei 11/2007, do 22 de xuño, formalízase o presente convenio conforme as seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. Obxecto.- Constitúe o obxecto do presente convenio formalizar a utilización compartida por ambas as dúas partes da sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña, co obxectivo de dar vía a través dela á xestión e servizos que competen ao concello de <<municipio>>, no ámbito da administración electrónica.

SEGUNDA. Ámbito de aplicación.- O alcance da xestión e servizos da competencia do concello de <<municipio>>, a prestar a través da sede electrónica compartida pola Deputación Provincial da Coruña, referirase en exclusiva aos de relación coa cidadanía, conforme a definición dada no anexo da Lei 11/2007, do 22 de xuño, apartado h), sempre que se trate de xestión ou servizos de obrigatoria prestación a través dunha sede electrónica. A inclusión de calquera tipo de xestión ou servizo distinto dos anteriores deberá suxeitarse á regra sobre inclusión de contidos adicionais establecida no presente convenio.

TERCEIRA. Características da integración.- A xestión e servizos do concello prestaranse na sede electrónica do concello <<sede."dominio concello">> que se integrará na sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña (sede.dicoruna.es) constituíndo a sede electrónica municipal unha subsele desta.

CUARTA. Obrigas das partes para aplicar o convenio.

1. Para aplicar o presente convenio, o concello de <<municipio>>, comprométese a:

Manter permanentemente actualizados os contidos municipais específicos da sede electrónica do concello con plena aplicación das normas que rexen para ela e, moi especialmente, as que se refiren aos dereitos dos cidadáns contidos no artigo 6 da Lei 11/2007, do 22 de xuño.

Respectar na súa integridade os criterios e políticas aprobados para a sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña na súa norma de creación (Ordenanza de administración electrónica da Deputación Provincial da Coruña) que constituirá a normativa de referencia.

Asumir a responsabilidade como titular da xestión e dos servizos da súa competencia postos ao dispor da cidadanía.

Designar un representante permanente único, e un substituto deste, para a relación permanente cos responsables da sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña, para os efectos do seu mantemento e resolución de problemas, con facultades suficientes para a toma de decisións nesta materia.

2. Pola súa banda, a Deputación Provincial da Coruña comprométese a:

Manter permanentemente actualizados os contidos comúns das sedes municipais na da sede electrónica provincial con plena aplicación das normas que rexen para ela e, moi especialmente, as que se refiren aos dereitos da cidadanía contida no artigo 6 da Lei 11/2007, do 22 de xuño

Manter de forma permanentemente dispoñible para os cidadáns o acceso á xestión e servizos correspondentes ao concello de <<municipio>>, incluídos na sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña

Asumir a responsabilidade que lle compete por razón da titularidade e a xestión tecnolóxica da sede provincial.

Achegar a infraestrutura técnica e organizativa necesaria para a execución do convenio.

Comunicar urxentemente ao concello, a través do seu representante, cantas incidencias puidesen xurdir e, de forma moi especial, as que puidesen comportar a interrupción dos servizos.

Proporcionar aos responsables designados polo concello a formación e o asesoramento precisos para o mantemento permanente dos seus contidos específicos.

Actualizar tecnoloxicamente os sistemas, de acordo co estado da técnica.

Aplicar criterios estritos de seguridade, conformes ao que establece o Esquema Nacional de Seguridade, con aplicación da normativa sobre protección de datos de carácter persoal contida en Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal (LOPD) e na súa normativa de desenvolvemento.

Designar un interlocutor único para os efectos da relación operativa co concello asinante.

QUINTA. Inclusión de contidos fóra do ámbito do convenio.- A utilización da sede electrónica compartida para incluír contidos, xestións ou servizos, que non sexan os estritamente pertencentes ao ámbito deste convenio conforme ao acordado na cláusula segunda, requirirá o previo informe favorable da Deputación Provincial da Coruña, que terá en conta a adecuación dos contidos adicionais, os medios dispoñibles e os criterios adoptados en supostos similares en relación coa mesma sede.

SEXTA. Custo.- O uso das infraestruturas que a Deputación provincial pon ao dispor do concello para a prestación dos servizos recollidos no presente convenio non suporá custo ningún para o concello e, en particular, o uso dos certificados e sinaturas electrónicas que sexan precisos sempre que a súa obtención se realice en virtude do convenio de colaboración suscrito entre a Xunta de Galicia e a Fegamp para o desenvolvemento da administración electrónica nas entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia.

SÉTIMA. Prazo de duración.- O presente convenio terá unha duración de 4 anos, renovándose automaticamente por igual período se non se produce denuncia deste por calquera das partes.

OITAVA. Revisión e comisión de seguimento.- Por pedimento de calquera das partes, poderá crearse unha comisión paritaria para o exame, seguimento, coordinación e, no seu caso, proposta de modificación do convenio.

NOVENA. Resolución de incidencias.- As partes comprométense a resolver de mutuo acordo as incidencias que puidesen xurdir na súa interpretación e cumprimento.

DÉCIMA. Publicación.- O presente convenio, en aplicación do principio de publicidade oficial establecido no artigo 10.3 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, será obxecto de publicación no «Boletín Oficial da Provincia» mediante resolución da Presidencia da Deputación Provincial da Coruña, sen prexuízo da súa divulgación a través da propia sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña. E en proba de conformidade, ambas as partes subscriben o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

O/A Alcalde/Alcaldesa-Presidente/a do
<<CONCELLO>>

O Presidente da Deputación
Provincial da Coruña

Asdo <<NOME E APELIDOS ALCALDE>>

Asdo. D. Diego Calvo Pouso

ACORDO DE ENCOMENDA DE XESTIÓN ENTRE O <<CONCELLO>> E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA TRAMITAR AS SOLICITUDES DE CERTIFICADOS ELECTRÓNICOS DE EMPREGADO PÚBLICO, SELO E SEDE ELECTRÓNICA

<<Localidade>>, <<día>> de <<mes >> de <<ano>>

REUNIDOS

Dunha parte, o lltmo. Sr. D. Diego Calvo Pouso, presidente da Deputación Provincial da Coruña, que actúa na súa representación

E doutra parte, o/a Sr./ Sra. D./Dª <<NOME E APELIDOS ALCALDE/ALCALDESA>>, alcalde/alcaldesa do <<CONCELLO>>, que actúa en nome e representación deste.

As partes recoñécense mutuamente plena competencia e capacidade para subscribir a presente encomenda de xestión e

MANIFESTAN

1.- O 13 de xullo de 2010 a Xunta de Galicia asinou coa Federación Galega de Municipios e Provincias (en diante a FEGAMP) un convenio de colaboración para o desenvolvemento da administración electrónica nas entidades locais (en diante EE.LL.) da Comunidade Autónoma de Galicia. Este convenio favorece un novo modelo de relación entre as administracións públicas galegas e define un catálogo de servizos que permitirán impulsar a administración electrónica na EE.LL. de Galicia que se adhiran ao convenio.

2.- O 29 de setembro de 2010, a Xunta de Galicia asinou un contrato coa Fábrica Nacional de Moeda e Timbre - Real Casa da Moeda (en diante FNMT-RCM) cuxo obxecto é a prestación dos servizos técnicos, administrativos e de seguridade necesarios para garantir a validez e eficacia da emisión e recepción de comunicacións e documentos electrónicos no ámbito da Xunta de Galicia e de, entre outros organismos, os concellos e as Deputacións provinciais.

3.- O 14 de decembro de 2010 tras a reunión da Comisión de Seguimento do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a FEGAMP para o desenvolvemento da administración electrónica (en diante o convenio) acórdase incluír no seu catálogo de servizos, aqueles que abarca o contrato coa FNMT-RCM. Os concellos e Deputacións provinciais adheridas ao convenio poderán consumir os servizos incluídos no contrato coa FNMT-RCM.

4.- O 26 de abril de 2011 o presidente da Deputación Provincial da Coruña aprobou a súa adhesión ao convenio, que foi asinada posteriormente con data do de 2 de maio de 2011.

5.- Do mesmo xeito, o <<CONCELLO>>, aprobou a través do/a <<órgano competente concello>> a súa adhesión ao convenio, asinada posteriormente con data <<Data sinatura adhesión concello>>. Ambas as institucións están no ámbito de aplicación do convenio e poderán acceder aos servizos do contrato coa FNMT-RCM.

6.- Na Declaración de Prácticas de Certificación da FNMT-RCM cítase expresamente que os certificados do ámbito da Lei 11/2007 os emiten a FNMT-RCM por conta da Administración pública correspondente á que a FNMT-RCM presta os servizos técnicos, administrativos e de seguridade necesarios como prestador de servizos de certificación, polo que os usuarios destinatarios son o persoal da Administración Pública do Reino de España, ben sexa dun órgano, organismo, entidade da administración xeral, autonómica ou local do Estado.

Aínda que a administración titular do certificado e/ou o responsable da Oficina de Rexistro teñen a obriga de "non realizar rexistros ou tramitar solicitudes de persoal que preste os seus servizos nunha entidade diferente á que representa como Oficina de Rexistro", a mesma Declaración recolle a posibilidade de crear "Oficinas de Rexistro centralizadas ou de convenios entre administracións para efectuar rexistros".

7.- En ocasións existe unha limitación de determinados concellos e outras entidades locais para constituír e manter ao día a infraestrutura de rexistro e solicitude do certificados tipo AP para o persoal ao seu servizo, así como os de sede e selo electrónico, pero a normativa vixente en materia de réxime local atribúelles ás Deputacións provinciais un labor de coordinación moi favorable para a extensión do uso dos certificados deste tipo, polo que é factible que as Deputacións provinciais poidan constituírse como un Rexistro delegado de certificados AP: persoal, selo e sede electrónica para as administracións locais do seu territorio, o que se instrumentaría mediante unha encomenda.

8.- A devandita Lei 11/2007 non impide, nin limita, a actividade de rexistro por parte dos prestadores de servizos de certificación (sobre todo no caso da FNMT-RCM, na súa condición de organismo público), senón que fomenta a interoperabilidade entre as diferentes AA.PP. Así, o artigo 13.3, cita que as AA.PP poderán utilizar os seguintes sistemas para a súa identificación electrónica e para a autenticación dos documentos electrónicos que produzan: ... "d) Intercambio electrónico de datos en contornas cerradas de comunicación, conforme ao especificamente acordado entre as partes." A regulación deste sistema detállase no artigo 20:

"Artigo 20. Intercambio electrónico de datos en contornas cerradas de comunicación.

1. Os documentos electrónicos transmitidos en contornas cerradas de comunicacións establecidos entre administracións públicas, órganos e entidades de dereito público, serán considerados válidos para os efectos de autenticación e identificación dos emisores e receptores nas condicións establecidas no presente artigo.

2. Cando os participantes nas comunicacións pertencen a unha mesma Administración pública, esta determinará as condicións e garantías polas que se rexerá que, polo menos, comprenderá a relación de emisores e receptores autorizados e a natureza dos datos que se han intercambiar.

3. Cando os participantes pertencen a distintas administracións, as condicións e garantías citadas no apartado anterior estableceranse mediante convenio.

4. En todo caso deberá garantirse a seguridade da contorna cerrada de comunicacións e a protección dos datos que se transmitan."

Pola súa banda, no capítulo I, do título IV, desta norma determínase o marco institucional de cooperación en materia de administración electrónica, baseado no Comité Sectorial de Administración Electrónica, nos Esquemas Nacionais de Interoperabilidade e de Seguridade e nas redes de comunicacións das administracións públicas españolas.

Neste último caso, o artigo 43 desta mesma lei expresa:

"A Administración xeral do Estado, as Administracións autonómicas e as entidades que integran a Administración local, así como os consorcios ou outras entidades de cooperación constituídos para tales efectos por estas, adoptarán as medidas necesarias e incorporarán nos seus respectivos ámbitos as tecnoloxías precisas para posibilitar a interconexión das súas redes co fin de crear unha rede de comunicacións que interconecte os sistemas de información das Administracións públicas españolas e permita o intercambio de información e servizos entre elas, así como a interconexión coas redes das institucións da Unión Europea e doutros Estados membros."

Esta regulación supón o recoñecemento legal da comunicación entre distintas administracións por medio de redes telemáticas, así como a súa validez para todos os efectos, sempre que se garanta a seguridade e integridade da contorna cerrada de comunicación e a protección dos datos remitidos.

9.- Considerando moi favorable, para a extensión do uso dos certificados deste tipo entre as administracións locais da provincia da Coruña, que a Deputación Provincial da Coruña exerza as súas competencias de asistente técnica a estas, permitindo, a xestión da tramitación por conta dos citados concellos de certificados electrónicos dos citados na Lei 11/2007 e recollidos no presente acordo.

As partes intervenientes, na representación e coas facultades que os seus respectivos cargos lles confiren, recoñécense reciprocamente capacidade e lexitimación para asinar o presente acordo, de conformidade co artigo 15 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, LRXPAC, formalizándoo sobre a base das seguintes

CONDICIÓNS

Primeira. O obxecto do presente acordo é que o <<CONCELLO>> lle atribúa á Deputación Provincial da Coruña, a encomenda da tramitación, por conta e en nome do <<CONCELLO>>, de solicitudes de emisión, suspensión e revogación de certificados electrónicos. As peticións serán dirixidas á FNMT-RCM na súa condición de prestador de servizos de certificación. Os certificados serán os da Lei 11/2007: de persoal ao servizo da administración, de sede electrónica e de actuación administrativa automatizada (selo electrónico), que se expidan a nome do <<CONCELLO>>.

Segunda.- En ningún caso, a Deputación da Coruña se considerará a administración titular do certificado, respectando a súa titularidade a nome do <<CONCELLO>>, e os datos consignados na petición.

Terceira: A petición de certificados, do ámbito da Lei 11/2007 antes citados, por parte do <<CONCELLO>> á Deputación da Coruña, realizarase a través da sede electrónica da Deputación (sede.dicoruna.es), sempre que cumpran os Esquemas Nacionais de Interoperabilidade e Seguridade, sen que sexa necesaria a comparecencia física do persoal do <<CONCELLO>> ante a oficina de rexistro da Deputación. A constatación da personalidade e demais datos esixidos, presumirase polo feito da petición realizada polo persoal competente do <<CONCELLO>> a través das redes citadas, polo que poderán realizar tamén as peticións en papel mediante o envío á Deputación dos documentos públicos administrativos correspondentes por parte do <<CONCELLO>>.

Na petición do <<CONCELLO>> constatarase a vontade de que sexa emitido, suspendido ou revogado o certificado de que se trate e identificarase nominalmente de forma conxunta á persoa titular do

posto de traballo ou cargo que exerce, ao <<CONCELLO>> e ao órgano ou unidade na que preste servizo, tal e como consten na petición que realice o propio <<CONCELLO>>, todo iso nos formatos establecidos pola FNMT-RCM.

Cuarta: A petición de expedición deste tipo de certificados dirixirase por parte do <<CONCELLO>> ao responsable das operacións de rexistro (ROR) da Deputación Provincial da Coruña a través do trámite electrónico disposto para o efecto na sede electrónica da Deputación ou mediante o envío da documentación en papel. Unha vez validada, por parte da Deputación Provincial da Coruña, a petición de certificados realizada polo <<CONCELLO>>, a Deputación, a través da súa 'ROR', solicitará á FNMT-RCM a emisión dos certificados correspondentes mediante a aplicación de rexistro proporcionada pola FNMT-RCM. Co mesmo procedemento poderá solicitar a suspensión ou revogación dos certificados. A Deputación só poderá solicitar a suspensión ou revogación deste tipo de certificados no caso de que o suposto estea recollido na Lei 59/2003, de sinatura electrónica, normas de desenvolvemento ou na DPC da FNMT-RCM.

Os sistemas, técnicas e aplicacións que se van utilizar no intercambio de información, especificaranse nos procedementos de rexistro proporcionados pola FNMT-RCM á Deputación, que trasladará aos empregados do <<CONCELLO>> para realizar as peticións de certificados.

Para iniciar o procedemento e tramitar de forma segura as peticións de certificados, unha copia auténtica desta encomenda será remitida, pola Deputación á Xunta de Galicia como asinante do contrato coa FNMT-RCM, xunto cos datos identificativos dos responsables de ambas as dúas administracións (os do <<CONCELLO>>, que realizarán as peticións de rexistro á Deputación, e os desta no caso de que aínda non lle conste á FNMT-RCM). A Xunta de Galicia remitirá a copia da encomenda xunto cos datos identificativos dos representantes á FNMT-RCM para que lle conste tal acordo e co fin de dar de alta no Sistema de Rexistro do Departamento CERES desta entidade e xestionar os permisos correspondentes. Non é posible iniciar a alta no sistema de rexistro se non se ten constancia da entrega da citada copia auténtica desta encomenda xunto cos datos antes referidos.

Quinta: A petición de emisión, suspensión ou revogación destes certificados á Deputación realizaraa o persoal delegado competente do <<CONCELLO>>, utilizando para iso o seu certificado persoal clase 2, o de empregado público ou o DNlelectrónico.

Sexta: A Deputación da Coruña asesorará en todo momento o persoal do <<CONCELLO>> durante o proceso de petición e solicitude do certificado, así como no seu uso e custodias seguras, proporcionándolle a formación adecuada para iso. Pola súa vez, a FNMT-RCM resolverá as incidencias e consultas correspondentes á Xunta de Galicia e á Deputación polas canles existentes.

Sétima: O <<CONCELLO>> e a Deputación serán os únicos responsables das peticións e solicitudes de emisión, suspensión ou revogación dos certificados electrónicos ás deputacións, respondendo da veracidade dos datos consignados e da vontade do <<CONCELLO>> de que sexa emitido, suspendido ou revogado un certificado AP (Lei 11/2007).

Oitava: Financiamento. O presente acordo non comporta obrigacións económicas para as partes, por afectar a cuestións organizativas das administracións intervenientes. Novena: O presente acordo terá unha duración de 4 anos renovándose automaticamente por igual período se non se produce a súa denuncia por calquera das partes, sen prexuízo da facultade das partes para subscribir un novo. No entanto, o presente acordo quedará extinguido cando se extinga a adhesión do <<CONCELLO>> ao convenio coa Xunta de Galicia.

E en proba de conformidade con canto antecede, asíñase o presente acordo en exemplar triplicado e para un só efecto, no lugar e data arriba indicados.

O/A Alcalde/Alcaldesa-Presidente/a do
<<CONCELLO>>

O Presidente da Deputación Provincial
da Coruña

Asdo.<<NOME E APELIDOS ALCALDE>> Asdo. D. Diego Calvo Pouso>>

A devandita proposta someteuse a **DITAME** da COMISION INFORMATIVA DE ASUNTOS SOCIAIS, PARTICIPACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS INTERNOS do día 26/03/2012, sendo este favorable.

Procédese polo Sr.Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

DEBATE:

Comeza a voceira do grupo municipal Partido Popular, D.^a M^a Vanesa Martínez Duran di que o PP respecto deste tema quere facer constar que non todas as vivendas teñen acceso a internet pero como medida para facilitar a xestión e accesibilidade na tramitación municipal, están a favor.

O Alcalde pásalle o turno ao voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Don José Carlos Gey Hermo. Explica que sería unha subsede que permitirá o acceso electrónico a diferentes procedementos en materia de Padrón, Tributos, urbanismo, etc....e sería util tanto para o que teña internet como o que non; en relación co apuntado polo PP están de acordo pero é a Xunta de Galicia a que ten a obriga de facer accesible coa Banda ancha de internet o acceso dende todos os fogares.

A voceira do grupo municipal do BNG, Dona Adelina Ces Quintáns, amósase a favor da proposta polo que conleva ademais de posible obtención de documentos via internet, cos certificados electrónicos, e porque en calquera caso facilitará a xestión municipal

O Alcalde di que recolle a idea de favorecer que o veciño se sinta atendido, xa que logo a tramitación de sempre fíxose en papel e en persoa, e por ilo, os traballadores municipais terán que prestar a asitencia precisa para dar ese salto e facilitar o seu uso. Nesa liña están tamén varios convenios que se estan a tramitar como coa Xefatura Provincial de Tráfico ou o relativo ao Punto de Información Catastral.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, e cos votos a favor de 16 concelleiros (os 6 do BNG, 4 do PSOE-PSdeG e 6 do P.P.), 0 abstencións, e 0 votos en contra do total de 16 concelleiros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta **APROBADA** nos termos desta.-/

6.- AUMENTO DE TARIFAS NA CONCESIÓN DO SERVIZO MUNICIPAL DE AUTOBUSES

O Sr. Alcalde parte da proposta que figura no expediente deste asunto, que literalmente di:

<<Vista a solicitude de data 26/07/2011 (Registro entrada nº 4791 de 08/08/2011) presentada por José Manuel Gey Figueira, con DNI 33.228.551-Z, actuando en nome e representación da mercantil HEREDEROS DE FRANCISCO GEY GONZALEZ, S.L., que solicita " autorización para proceder ó aumento das tarifas na explotación do servizo municipal de Autobuses de Rianxo".

Considerando o informado pola Secretaria e Intervención municipal o día 13/02/2012, que literalmente conclúe:

(...)“Primeira.- Non consta o estudo económico previo necesario para iniciar á adxudicación do servizo municipal de autobuses urbanos o que impide coñecer as bases que serviron no seu momento para determinar o equilibrio da concesión e que agora servirían para determinar a existencia de posibles desequilibrios.

Segunda.- A solicitude do concesionario está por enriba das actualizacións permitidas nas concesións de competencia estatal de transportes de viaxeiros (3,9%) e tamén do incremento do índice de prezos do consume dende a derradeira actualización ata decembro de 2011 (19,5%).

Terceiro.- A corporación no caso de optar por unha actualización de prezos debe tramitar o expediente previsto para a determinación dos prezos que requiren autorización como é o caso do transporte urbano de viaxeiros, sen prexuízo da inexistencia da oportuna ordenanza fiscal.”(...)

Esta alcaldía estima pertinente someter ao Pleno corporativo o incremento das tarifas do servizo de transportes de viaxeiros acordo co incremento do IPC dende a última actualización, por ilo, e de acordo coas competencias que ostento, propoño ao Pleno a adopción do seguinte

ACORDO:

Primeiro.- *Infomar favorablemente, e por ende, aprobar de xeito provisional as seguintes tarifas da concesión do servizo municipal de autobuses: 1,31 € / tarifa por percorrido.*

A aprobación da tarifa queda condicionada á súa autorización polo órgano autonómico competente.

Segundo.- Remitir ás asociacións de profesionais, de empresarios, traballadores e as de consumidores e usuarios representativas do sector para que podan efectuar as alegacións que estimen oportunas no prazo estipulado no apartado seguinte.

Terceiro.- Expoñer ao público no taboleiro de Edictos municipal, nun diario dos de máis difusión da Provincia, e no Boletín Oficial da Provincia durante trinta días contados dende o día seguinte á publicación neste último, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Cuarto.- Posteriormente, remitir ao órgano autonómico competente a solicitude do concesionario xunto coa documentación obrante no expediente (informes, publicacións e certificado do resultado da exposición e alegacións formuladas, no seu caso ademais deste acordo) para os efectos da autorización da aprobación da tarifa.

Quinto.- Unha vez recibida comunicación do órgano autonómico competente procederase segundo se indica:

- ◆ De non formularse reclamacións e recibirse a autorización do órgano autonómico competente, entenderase aprobado definitivamente o acordo sen necesidade do novo acordo plenario.
- ◆ De haber reclamacións e ser autorizado polo órgano autonómico competente será sometido a aprobación plenaria definitiva.
- ◆ De non haber reclamacións e non concederse a autorización do órgano autonómico competente, entenderase rexeitada a tarifa.>>

A devandita proposta someteuse a **DITAME** da COMISION INFORMATIVA DE OBRAS, SERVICIOS, PROTECCIÓN CIVIL E MEDIO AMBIENTE do día 26/03/2012, sendo este favorable.

Procédese polo Sr.Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

DEBATE:

O Alcalde antes de pasar a palabra comenta que a proposta que se trae ao pleno queda lonxe da formulada polo concesionario, e simplemente pártese de que non se sube dende 2004 nin o IPC.

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D.^a M^a Vanesa Martínez Duran di que neste punto abténhense.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Don José Carlos Gey Hermo manifesta o apoio do grupo especialmente pola falta de actualización das tarifas dende o 2004. O concesionario presentou un estudo económico (custo do persoal, numero de viaxeiros, etc) que o fixaba en 1,75€, mais a intervención non o informa favorablemente posto que a suba non podía ser superior ao 3,9 por cento sobre a última actualización autorizada polo Concello o que suporía pasar de 1,10 € mínima a 1,14 €, pero si admite unha suba conforme ao IPC que aplicado a tarifa actualmente autorizada supón unha nova tarifa de 1,31 €.

A voceira do grupo municipal do BNG, Dona Adelina Ces Quintáns, di que cómpre atender á solicitude da empresa nos termos da proposta -que quedará pendente de autorización au-

tonómica-, porque é un servizo importante para os veciños e é convinte mantelo e ver como se pode mellorar.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, e cos votos a favor de 10 concelleiros (os 6 do BNG e 4 do PSOE-PSdeG), 6 abstencións (os 6 do P.P.), e 0 votos en contra do total de 16 concelleiros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta **APROBADA** nos termos desta.-/

7.- CONVOCATORIA PARA ADXUDICACIÓN DAS LICENZAS PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ALUGUER MEDIANTE AUTOTURISMO SEN APARELLO TAXÍMETRO

O Sr. Alcalde parte da proposta que figura no expediente deste asunto, que literalmente di:

<<Este pleno corporativo acordou en sesión do 03.01.2012 a redución do número total das licenzas de autoturismo a 11, considerando a demanda existente como a nova realidade social provista de maiores comunicacións e medios de transporte. Todo ilo previa audiencia da Dirección Xeral de Transportes da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras así como comunicación á Federación Galega de Taxis.

Estando vacante a titularidade de 7 das 11 licenzas existentes, procede efectuar convocatoria para a adxudicación destas, sen prexuízo da obtención polos novos titulares das autorizacións autonómicas para o servizo interurbano, caso de interesarlles.

Por outra banda, xa tense publicado a aprobación definitiva do regulamento do servizo no BOP do día 13/03/2012.

De conformidade co estipulado no artigo 10 e seguintes do RD. 763/1979, do 16 de marzo, polo que se aproba o Regulamento nacional dos servizos urbanos de transporte en automóviles lixeiros e a ordenanza municipal reguladora (BOP nº 50, do 13/03/2012) cómpre ter en conta o seguinte:

- Ø Para a prestación deste servizo ao público é condición indispensable estar en posesión da correspondente licenza da entidade local. (art.10 RD. 763/1979)
- Ø Tramitación (art.10 RD. 763/1979) :
 - A solicitude de licenza formularase polo interesado acreditando as condicións persoais e profesionais do solicitante, a marca e modelo do vehículo e, de se-lo caso, a súa homologación e grupo polo que se solicita.
 - Rematado o prazo o prazo de presentación de proposicións examinaranse as presentadas no tempo e forma, e publicarase a relación de admitidos e excluídos, no Taboleiro de Editos e no Boletín Oficial da Provincia a fin de que os interesados e as Asociacións Profesionais de Empresarios e Traballadores poidan alegar o que estimen procedente na defensa dos seus dereitos no prazo de 15 días.
 - A Entidade Local resolverá sobre a concesión das licenzas a favor dos solicitantes con maior dereito acreditado.

No suposto de que a adxudicación de licenzas se realizara mediante concurso, o procedemento someterase ás normas de contratación local.

- Ø Prelación na adxudicación: en favor dos condutores asalariados dos titulares das licenzas existentes, por rigorosa e continuada antigüidade.
- Ø Servizo interurbano: tense solicitado informe vinculante á Dirección Xeral de Movilidade a fin de que en atención á continxencia e necesidades existentes, determine o número de autorización autonómicas sen prexuízo da solicitude polos que resulten adxudicatarios e lles interese para tal fin a dito centro directivo autonómico coa acreditación que corresponda (art.10 in fine RD. 763/1979)

Consta no expediente:

- providencia da Alcaldía do 13/03/2012.

- pregos que rexerán a adxudicación.
- informe da secretaria e intervención municipal.

Sendo de competencia plenaria a determinación da forma de prestación dun servizo, aínda que sexa impropio ou virtual, estíbase que tamén a este órgano lle compete a aprobación dos pregos que rexerán a adxudicación das licenzas e permitan o seu funcionamento. Isto sen prexuízo de que se delegue a adxudicación das licenzas na Alcaldía, segundo a proposta da mesa de contratación e posterior recepción da documentación para a adxudicación que deberá chegar os adxudicatarios, para maior axilidade na súa concesión e poder cumprir co prazo de 5 días hábiles dende a recepción da documentación, tal e como determina o Rd.3/2011, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público. Delegación que se efectuará neste acto.

Velaí que se someta ao pleno corporativo a seguinte proposta de ACORDO:

Primeiro: Incoar o expediente e aprobar os seguintes pregos para a adxudicación en concorrencia de licenzas de auto-turismo para a prestación do dito servizo de vehículos de aluguer sen aparello taxímetro no Concello de Rianxo (vid anexos), por procedemento aberto e concurso, tramitación ordinaria.

Segundo: Dispoñer a apertura do procedemento e con ilo o prazo de presentación de proposicións por 26 días naturais dende o día seguinte á súa publicación no BOP e taboleiro de anuncios municipal, así como na páxina web. Asemade comunicarase á Asociación provincial do sector ou Federación Galega de Taxis para a presentación de posibles alegacións nun prazo de 15 días.

Terceiro: Unha vez transcorrido o prazo para presentación de proposicións, procederase á apertura das plicas pola mesa de contratación, chegado o caso, emenda da documentación e posterior avaliación dos que resulten admitidos. Unha vez avaliados os solicitantes, ordenaranse de xeito decrecente por puntuación e se formulara proposta pola Mesa de contratación á Alcaldía – órgano no que este Pleno efectúa delegación para este expediente e atribución concreta – en favor dos 7 licitadores con mellor oferta para que a Alcaldía resolva a adxudicación das licenzas previo requirimento da documentación precisa para a adxudicación. Asemade comunicarase á Asociación provincial do sector ou Federación Galega de Taxis.

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS QUE REXERÁ A ADXUDICACIÓN DE SETE -7- LICENZAS DE AUTO-TURISMO PARA A PRESTACIÓN DO SERVICIO DE VEHICULOS DE ALUGUER SEN APARELLO TAXÍMETRO NO CONCELLO DE RIANXO (A CORUÑA)

PRIMEIRA.–Obxecto do contrato.

Constitúe o obxecto do presente prego a adxudicación en réxime de concorrencia de SETE licenzas de autoturismo para o municipio de Rianxo, de conformidade coa Lei 16/1987, do 30 de xullo, de ordenación dos transportes terrestres, o Real decreto 1211/1990, do 28 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de ordenación dos transportes terrestres e o Real decreto 763/1979, do 16 de marzo, polo que se aproba o Regulamento nacional dos servizos urbanos de transporte en automóbiles lixeiros, ordenanza municipal reguladora do servizo publicada no BOP nº 50, do 13 de marzo de 2012, e demais normativa aplicable.

Ilo sen prexuízo das autorizacións que os adxudicatarios poden obter para a prestación do servizo interurbano polo órgano autonómico competente dentro do continxente que sexa autorizado e que é independente deste proceso.

SEGUNDA.–Procedemento de adxudicación.

A forma de adxudicación da licenza de autoturismo será o concurso con procedemento aberto, no que todo interesado poderá presentar unha proposición, quedando excluída toda negociación, rexéndose o proceso de conformidade co RD 3/2011, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de contratos do sector público.

TERCEIRA.–Natureza da relación contractual.

A natureza da relación que vinculará ao adxudicatario coa licenzas de autoturismo co Concello de Rianxo, será a propia dun servizo de interese público obxecto de intervención administrativa mediante licenza regulado polo artigo 1 e seguintes do Regulamento de servizos das corporacións locais, aprobado polo Decreto do 17 de xuño de 1955.

CUARTA.–Duración da relación contractual.

A duración da concesión da licenza de autoturismo estipúlase en 5 anos, agás renuncia expresa do seu titular ou cando conorra algunha das causas que, contempladas nestes pregos ou na lexislación aplicable, dean lugar á retirada, caducidade ou revogación da licenza, por incumprimento, ademais do suposto de transmisión desta polo titular nos casos previstos no RD. 763/1979.

QUINTA.–Tipo de licitación.

O tipo mínimo de licitación fixada para a concesión da licenza será de 408,90 € euros.

As proposicións dos licitadores/as que ofrezan unha cantidade inferior á establecida como tipo mínimo de licitación, serán automaticamente rexeitadas.

SEXTA.–Condicións de participación.

1. Serán requisitos para a presentación de proposicións polos interesados:

- a. Atoparse en posesión do permiso da clase B, así como da autorización para conducir os vehículos a que se refire o Regulamento Xeral de Conductores (BTP), expedido pola Xefatura de Tráfico.
- b. Estar en posesión do permiso municipal para conducir os vehículos afectos ao servizo de autoturismo (para os conductores asalariados)
- c. Estar o corrente das súas obrigas tributarias co Estado, Comunidade Autónoma e facenda municipal e para coa Seguridade Social.
- d. Non padecer enfermidade ou defecto físico que imposibilite ou dificulte o normal exercicio da profesión, acreditado mediante certificado médico que así o indique.
- e. Non haber cometido delito algún durante os dous anos inmediatamente anteriores á data da solicitude.
- f. Non haber sido sancionado con anterioridade por falta cualificada grave ou moi grave.
- g. Non encontrarse incurso en ningunha das prohibicións para contratar conforme ao artigo 60 TRLCSP.
- h. Non ser titular doutra licenza de auto-turismo ou telo sido nos 10 anos anteriores e ser obxecto de revogación ou caducidade.
- i. Dispor da correspondente solvencia económica-financeira.

No caso de presentar solicitude as persoas xurídicas deberán asemade identificar os condutores que prestarán os servizos acreditando todos os apartados anteriores e achegando o compromiso da inscrición e cotización na Seguridade Social deste en concepto de asalariado, durante o período de prestación.

2. Deberán, así mesmo, acreditarse polos solicitantes as seguintes condicións específicas:

Ø No tocante ao vehículo:

Ø

- Documento de titularidade dun vehículo da categoría de turismo, ou compromiso asinado de adquirilo no prazo de 30 días contados dende a data de notificación da adxudicación definitiva.
- A capacidade máxima do vehículo será de cinco prazas, incluída a do conductor, debendo figurar esta capacidade máxima tanto no permiso de circulación como no certificado de características.
- A antigüidade do vehículo non poderá ser superior a dos anos dende o seguinte a súa primeira matriculación-

Ø Ter cuberta a súa responsabilidade civil ilimitada polos danos que se causen con ocasión do transporte.

SÉTIMA.–Presentación de proposicións.

1. Poderán presentar proposición para tomar parte no concurso calquera persoa física ou xurídica que acredite o cumprimento dos requisitos sinalados na cláusula Sexta. Tamén aqueles que acrediten a condición xurídica de conductor asalariado dos titulares de autoturismo do Concello de Rianxo, sem-

pre que presten servizo con plena e exclusiva dedicación á profesión e cumpran os requisitos sinalados nestas bases.

2. Cada licitador non poderá presentar máis que unha proposición e para a obtención dunha única licenza.

3. A presentación de proposicións leva implícito a aceptación polo licitador destas bases.

OITAVA.–Lugar, prazo e forma de presentación de proposicións.

1. As proposicións deberán ser presentadas ou remitidas ao Rexistro Xeral do Concello de Rianxo, Praza de Castelao, nº 1, 15920 Rianxo.

2. As proposicións deberán ser presentadas no prazo de 26 días naturais dende o día seguinte ó de publicación destas bases no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

3. As proposicións poderán presentarse por correo do xeito que establece o artigo 80.4 do R.D. 1098/2001, do 12 de outubro. Neste último caso, o licitador/a deberá xustificala data de imposición do envío na oficina de Correos e anunciar ó órgano a remisión da oferta mediante fax ou telegrama. Sen estes requisitos non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade a a data de remate do prazo sinalado no anuncio. Non obstante, transcorridos dez días naturais seguintes á indicada data, sen que se recibira a proposición, esta non será admitida en ningún caso.

NOVENA.–Contido das proposicións e documentación.

Os/as licitadores deberán presentar as súas proposicións en dous sobres pechados e no seu exterior figurarán as lendas: "sobre A" e "sobre B". En cada sobre deberá indicarse "CONCURSO PARA A CONCESIÓN DE LICENZA DE AUTOTURISMO (TAXI) NO CONCELLO DE RIANXO", debendo identificarse o sobre, nome e apelidos/ razón social, número do D.N.I./ NIF e sinatura da persoa que presenta a proposición (en nome propio ou como apoderado).

Contido dos sobres:

Sobre A: DOCUMENTACIÓN

1. Os licitadores incluírán neste sobre a seguinte documentación (ANEXO I e II)
 - a) Identificación da persoa que presenta a proposición en nome propio ou como apoderado. (DNI, NIE, NIF,...)
- No caso de presentarse como licitador unha persoa xurídica se achegarán ademais os estatutos da sociedade e apoderamento do asinante xunto co CIF
- b) Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibición establecidas no artigo 60 do Texto Refundido da Lei de contratos do sector público. Esta declaración deberá incluír expresamente a circunstancia de acharse ó corrente do cumprimento das súas obrigas tributarias máis da Seguridade Social impostas polas disposición vixentes, sen prexuízo de que a xustificación acreditativa de tal requisito, se esixa antes da adxudicación ó que vaia resultar adxudicatario do contrato.
 - c) Permiso de conducción de clase BTP, ou certificado da súa posesión.
 - d) Certificado médico acreditativo do esixido no apartado D da cláusula SEXTA.
 - e) Certificado relativo a non comisión de delito ningún durante os dous anos inmediatamente anteriores a fecha da solicitude.
 - f) Declaración xurada acreditativa dos extremos aos que se refiren os apartado F, G, e H da cláusula SEXTA.

g) Compromiso segundo o que o licitador:

- explotará a licenza persoalmente, en réxime de plena e exclusiva dedicación e de incompatibilidade con outra profesión, conforme ó modelo que se achega como anexo II destas bases.
- disporá dun vehículo da categoría de turismo que cumpra o esixido para a prestación deste servizo en titularidade no prazo de 30 días contados dende a data de adxudicación definitiva, e que a súa capacidade máxima será de cinco prazas, incluída a do condutor (o que de ser adxudicatario figurará no permiso de circulación e certificado de características do vehículo) e cunha antigüidade non superior a dous anos dende a primeira inmatriculación.
- concertará unha póliza de responsabilidade civil ilimitada polos danos que se causen con ocasión do transporte.

h) Os licitadores deberán acreditar a súa solvencia económica mediante informe dunha institución financeira relativa ós medios económicos cos que conta o licitador para facer fronte ao abono da licenza, á adquisición do automóbil, mantemento, reparacións. etc.(conforme ao anexo II)

i) Numero de fax ou correo electrónico para comunicacións.

Debera indicarse para o fin de emenda da documentación, xa que logo de non facilitalo pode resultar imposible de cumprir vía correos cara o cumprimento da obriga legal de apertura do sobre B en 7 días naturais dende a apertura do sobre A.

Non se recollerá no sobre A ningunha referencia aos criterios de adxudicación (oferta económica ou o feito de que o vehículo sexa adaptado ou que é un condutor asalariado) posto que será motivo de exclusión.

Sobre B: PROPOSICIÓN ECONÓMICA e OUTROS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN.

Conterá unha soa proposición económica, asinada polo concursante/a ou persoa que o represente, Así mesmo incluírase neste sobre a documentación relativa aos demais criterios de adxudicación que se indican na cláusula seguinte, isto é aportación dun vehículo adaptado para persoas con discapacidade, redactada conforme ó modelo que figura como **anexo III** destes pregos.

No caso de condutores que aleguen a súa condición de asalariados ademais achegarán:

- Permiso municipal de condutor para servizos de auto-turismo.
- Certificado acreditativo dos titulares cos que prestara servizos, con indicación das datas de altas e baixas.
- Certificado de vida laboral completo.

DÉCIMA.–Criterios de adxudicación.

Para a adxudicación da licenza valoraranse os seguintes criterios, co conseguinte baremo:

1. Aportación dun vehículo adaptado para persoas con discapacidade: 2 puntos.

2. Oferta económica: 0, 20 puntos por cada 50€ de incremento sobre o tipo de licitación. Máximo: 1 punto.

No caso de empate na puntuación total dirimirase éste a favor do licitador que sexa condutor asalariado con mais dun ano de experiencia; de ser varios en tal condición, en favor do que acredite maior antigüidade. De persistir o empate, realizarase un sorteo entre os empatados para dirimir este.

En calquera caso, elaborarse un listado de todos os interesados excluídos indicando os motivos, e dos admitidos, que unha vez avaliados serán ordenados en atención á puntuación obtida de maior a menor e de haber empate indícarase o criterio polo que se outorga a prelación. Non servirá en ningún caso de lista de reserva unha vez determinados os 7 con maior puntuación.

UNDÉCIMA.–Apertura de proposicións e clasificacións de ofertas.

A mesa de contratación que se recolle no **anexo IV** cualificará previamente os documentos presentados polos licitadores no sobre A, en tempo e forma, unha vez rematado o prazo de presentación das solicitudes.-

Se a mesa, achase erros materiais na documentación presentada poderá conceder, se así o estimase, un prazo máximo de tres días naturais para a súa emenda, o que será comunicado por fax ou correo electrónico que sexa facilitado polo interesado. Aquelas ofertas con documentación defectuosa, entendendo por tal a non presentación de algún dos documentos esixidos ou a presentación dos mesmos en forma distinta a esixida dará lugar á non admisión pola mesa de contratación, rexeitando a proposición sen que se abran o resto dos sobres aportados polo licitador.

A mesa poderá previamente, de ser preciso, solicitar cantos informes técnicos considere e se relacionen co obxecto do concurso.

A mesa de contratación elaborará un listado de licitantes admitidos/as e dos excluídos motivadamente do que dará conta na mesa para a apertura do sobre B.

Unha vez cualificada a documentación administrativa presentada, e emendada no seu caso, procederase, en acto público e nun prazo non superior a sete días naturais que se contarán dende a apertura da documentación, á apertura dos sobres B) " oferta económica e documentación cos demais criterios de adxudicación" e a súa valoración, de acordo cos criterios establecidos neste prego. O acto público se celebrará no lugar, data e hora que se sinalen no taboleiro de anuncios do Concello ou no perfil do contratante.

Co mesmo realizará a correspondente proposta de adxudicación ao órgano de contratación.

A proposta de adxudicación non crea dereito algún a favor do licitador proposto fronte á Administración.

Non obstante, cando o órgano de contratación non adxudique o concurso de acordo coa proposta formulada deberá motivar a súa decisión.

DUODÉCIMA.–Garantías.

O órgano de contratación atendendo á natureza do contrato exime da prestación da garantía definitiva posto que cada licitador adxudicatario debe aboar o importe económico ofertado con carácter previo ao comezo do servizo.

DÉCIMO TERCEIRA.–Gastos.

O adxudicatario queda obrigado ao pago dos anuncios de licitación, ata un máximo de 600 euros, e Impostos que procedan.

DÉCIMO CUARTA.–Adxudicación e órgano competente. Publicación e notificación.

1. Clasificadas por orde decrecente pola mesa de contratación as proposicións presentadas conforme aos criterios de adxudicación sinalados neste prego, podendo solicitar para elo cantos informes técnicos estime pertinentes, a Alcaldía (por delegación do Pleno) requirirá aos 7 licitadores que presentaran a oferta en conxunto máis vantaxosa para que dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que reciban o requirimento, acheguen polo Rexistro do Concello de Rianxo:

- a) A documentación xustificativa de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias co Estado, Comunidade Autónoma e Concello de Rianxo, e da Seguridade Social.
- b) A comunicación da marca, modelo e características do vehículo asignado á prestación do servizo e indicación do réxime de disposición (titularidade, arrendamento ou outros) mediante a presentación da documentación do vehículo en cuestión ou pre-contrato coa entidade comercial.
- c) Borrador da póliza para a cobertura da responsabilidade civil ilimitado polos danos que se puideran ocasionar.
- d) Abono mediante transferencia na conta municipal que se indique do importe ofertado na proposición.

2. De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose nese caso a recabar a documentación ao licitador seguinte, pola orde en que quedaran clasificadas as ofertas.

3. O órgano de contratación deberá adxudicar o concurso dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación, por ilo delégase polo Pleno na Alcaldía a devandita adxudicación.

4. A adxudicación notificarase aos licitadores e simultaneamente publicarase no perfil do contratante e no BOP.

DÉCIMO QUINTA.–Comezo da prestación do servizo.

O concesionario/a da licenza de autoturismo, deberá iniciar a prestación nun prazo máximo de 60 días naturais dende a data da notificación da concesión da licenza, trala aportación correcta da documentación para a adxudicación.

DÉCIMO SEXTA.–Requisitos a cumprir polos titulares da licenza de auto-turismo

1. O/a concesionario/a da licenza de autoturismo, antes do inicio da prestación do servizo, deberá acreditar o cumprimento dos seguintes requisitos:

- Ø Acreditación do pagamento na Tesourería Municipal do importe da adxudicación.
- Ø Acreditación da disposición do vehículo que se vai a adscribir o servizo de auto-turismo e de que o mesmo cumpre os requirimentos técnicos que sexan esixidos pola normativa vixente.
- Ø Presentación da copia de póliza de responsabilidade civil que cubra os danos e prexuízos que se poidan ocasionar ós usuarios con ocasión do servizo de transporte que realicen. Será tamén obrigatorio presentar copia da póliza de seguros que cubra tódolos demais riscos ós que obriga a lexislación específica.
- Ø Estar en posesión do permiso municipal de conductor.

2. O incumprimento de calquera destes requisitos por parte do concesionario determinara a anulación da adxudicación, podendo a Alcaldía, por delegación plenaria, proceder a unha nova adxudicación ao seguinte candidato por orden de puntuación no concurso.

DÉCIMO SÉTIMA.–dereitos e obrigas do titular da licencia.

Os dereitos e obrigacións do titular da licenza son os que nacen deste prego, que terá carácter contractual, e da licenza outorgada polo municipio, así como os derivados da Lexislación aplicable, así como da ordenanza municipal reguladora do servizo.

DÉCIMO OITAVA.–Recursos administrativos e xurisdiccionais.

Os acordos correspondentes do órgano de contratación, ou órgano en quen delegue, porán fin á vía administrativa e serán inmediatamente executivos.

Contra os mesmos pode interpoñerse recurso potestativo de reposición, de conformidade coa Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, no prazo dun mes ante o mesmo órgano que o ditou, ou recurso contencioso-administrativo, conforme ao disposto na Lei reguladora de dita xurisdición, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses, contados a partir da notificación do acordo (artigos 109 e 118 da LRXAP e artigo 46 da LXC).

ANEXO I (a introducir no SOBRE A: "CONCURSO PARA A CONCESIÓN DE LICENZA DE AUTOTURISMO NO CONCELLO DE RIANXO")

Nota: non efectuar neste documento nin noutro incluído no sobre A ningunha referencia ao contido do sobre B xa que logo o licitador será excluído, posto que non se tratara xa dunha proposición secreta ata a apertura do sobre B.

D _____, con DNI / NIF/ NIE nº _____
con domicilio en _____, coñecedor da convocatoria pública para adxudicación de licencias de auto-turismo, para a prestación do servizo de vehículos de aluguer sen aparello taxímetro, **SOLICITA** participar nesta convocatoria e ademais:

A) Declara que cumpre todas as condicións establecidas nesta e afirma:

- Non haber sido sancionado con anterioridade por falta cualificada grave ou moi grave.
- Non encontrarse incurso en ningunha das prohibicións para contratar conforme ao artigo 49 LCSP.
- Non ser titular doutra licenza de auto-turismo ou telo sido nos 10 anos anteriores e ser obxecto de revogación ou caducidade.
- Non estar incurso en ningunha das prohibicións establecidas no artigo 60 do Texto Refundido da Lei de contratos do sector público e acharse ó corrente do cumprimento das súas obrigas tributarias co Estado, Comunidade Autónoma e facenda municipal e para coa Seguridade Social, sen prexuízo de que a xustificación acreditativa de tal requisito, se efectúe antes da adxudicación de resultar un dos adxudicatarios do contrato.

B) Comprométese, de resultar adxudicatario dunha das licenzas:

- explotar a licenza persoalmente, en réxime de plena e exclusiva dedicación e de incompatibilidade con outra profesión, conforme ó modelo que se achega como anexo II destas bases.
- dispoñer dun vehículo da categoría de turismo que cumpra o esixido para a prestación deste servizo en titularidade no prazo de 30 días contados dende a data de adxudicación definitiva, e que a súa capacidade máxima será de cinco prazas, incluída a do condutor (o que de ser adxudicatario figurará no permiso de circulación e certificado de características do vehículo) e cunha antigüidade non superior a dous anos dende a primeira inmatriculación.
- concertar unha póliza de responsabilidade civil ilimitada polos danos que se causen con ocasión do transporte.

C) Achego para tal fin a DOCUMENTACIÓN que indico de seguido:

Documento de identificación (DNI, NIF, NIE...)

Permiso de conducción de clase BTP, ou certificado da súa posesión.

Certificado médico acreditativo do esixido no apartado d) da base 2ª.

Certificado relativo a non comisión de delito ningún durante os dous anos inmediatamente anteriores a fecha da solicitude.

Informe de institución financeira para acreditar a solvencia económica.

Para emenda de documentación poderán remitila polo seguinte medio (imprescindible a indicar):

- nº fax:.....
- correo electrónico:.....

.....de.....de.....

O interesado

D/Dª.....

ANEXO II INFORME DE INSTITUCIÓN FINANCEIRA

D.....en condición dedesta entidade estima que D.....reúne a suficiente solvencia económica-financieira para presentarse ao CONCURSO PARA A CONCESIÓN DE LICENZA DE AUTOTURISMO NO CONCELLO DE RIANXO.

.....de.....de.....

D/Dª.....

ANEXO III (a figurar no interior do SOBRE B "CONCURSO PARA A CONCESIÓN DE LICENZA DE AUTOTURISMO NO CONCELLO DE RIANXO")

MODELO DE PROPOSICIÓN ECONÓMICA E OUTROS CRITERIOS

D./Dna. con enderezo en....., e provisto do D.N.I./NIF/ NIE núm. en nome propio ou en representación de con enderezo en Tlfon. e NIF, enterado das bases do concurso público para a concesión de licenzas de auto-turismo para a prestación do servizo de vehículos de aluguer con condutor sen aparello taxímetro do Concello de Rianxo, toma parte no concurso para a adxudicación da licenza, e a estes efectos fai constar:

1ª.- Que coñece e acepta cantas obrigas se deriven do prego de cláusulas administrativas particulares do presente concurso.

2ª.- Que oferta a cantidade que se indica pola concesión dunha licencia de auto- turismo polo prazo de 5 anos **(Non poderá ser a cantidade inferior a 408,90€ ao ser o tipo mínimo da licitación, de ser inferior será excluído):**

-euros (.....€) O primeiro en letra o segundo en número. No caso de contradición entre a cantidade en letra e máis no numero, darase validez á expresada en letra.

3ª.- Compromiso de aportación dun vehículo adaptado para persoas con discapacidade cunha antigüidade non inferior a dous anos dende a data da primeira inmatriculación: Si Non

De efectuar o dito compromiso e logo non aportalo acepto que non se me adxudique ningunha licenza aínda que queden vacantes.

4ª.- Condición de condutor asalariado: Si Non

Sendo afirmativo achego xunto coa presente para acreditarlo:

- Permiso municipal de condutor para servizos de auto-turismo.

- Certificado acreditativo dos titulares cos que prestara servizos, con indicación das datas de altas e baixas.
- Certificado de vida laboral completo.

En, a de

Sinatura do licitador/a.

ANEXO IV: MESA DE ADXUDICACIÓN DE 7 LICENCIAS AUTO-TURISMO

Para a presente Convocatoria, estará composta por:

- Ø Presidente: Alcalde ou Concelleiro Delegado de Servizos.
- Ø Secretario: Secretaria municipal ou no seu defecto, funcionaria auxiliar administrativa de Servizos Xerais.
- Ø Vogais:
 - Secretaria Municipal.
 - Interventor/a Municipal.
 - Xefe da Policía Local ou policía en quen delegue.>>

A devandita proposta someteuse a **DITAME** da COMISION INFORMATIVA DE OBRAS, SERVICIOS, PROTECCIÓN CIVIL E MEDIO AMBIENTE do día 26/03/2012, sendo este favorable.

Procédese polo Sr.Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

DEBATE:

O Alcalde para iniciar o debate insiste en que os pregos permitirán adxudicar as licenzas de xeito obxectivo, cun tipo mínimo de licitación, e por 5 anos, no marco do regulamento recentemente aprobado e publicado. Resalta que un dos criterios de adxudicación sexa o de ofertar un vehículo adaptado para discapacitados, e queda espera que se presenten licitadores e dispor deste servizo que en vindeiros días verase reducido algo mais por xubilacións.

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D.^a M^a Vanesa Martínez Duran expresa o seu apoio, posto que vai dar lugar a postos de traballo e lles parece ben a proposta.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Don José Carlos Gey Herma estima aceptable o tipo de licitación mínimo en atención ao tempo polo que se poderá prestar o servizo e os requisitos esixidos como os criterios de adxudicación que se recollen no prego.

A voceira do grupo municipal do BNG, Dona Adelina Ces Quintáns, di que na liña do acordo nun anterior pleno no que se reduxeron as licenzas existentes para a súa adecuación á realidade e ás necesidades e aprobouse o regulamento municipal do servizo.-

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, e cos votos a favor de 16 concelleiros (os 6 do BNG e 4 do PSOE-PSdeG e 6 do P.P.), 0 abstencións, e 0 votos en contra do total de 16 concelleiros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta **APROBADA** nos termos desta.-/

8.- RESERVA DO POSTO DE TESOURERÍA A FUNCIONARIOS CON HABILITACIÓN DE CARACTER ESTATAL E MODIFICACIÓN DO CADRO DE PERSOAL E PLANTILLA DE FUNCIONARIOS

O Sr. Alcalde parte da proposta que figura no expediente deste asunto, que literalmente di:

<<Esta Alcaldía, ante a xubilación da funcionaria que viña desenvolvendo as funcións da Tesourería municipal estima procedente darlle cobertura ao posto acudindo a unha das fórmulas previstas na normativa aplicable - o Decreto 49/2009, do 26 de febreiro, sobre o exercizo das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia respecto dos/das funcionarios/as con habilitación de carácter estatal- como é a reserva do posto á Escala de Funcionarios con habilitación de carácter estatal (en diante FHE). Aínda que non é obrigatorio ao non acadar a poboación municipal nin o orzamento que esixirían dita figura, o certo é que se considera unha oportunidade para mellorar e axilizar a xestión municipal en dita materia. Por outra banda, permitiría darlle cobertura nun intre en que resulta imposible ofertar novos postos vacantes en cumprimento do Rd. 20/2011. Esta cuestión explícase máis extensamente na memoria xurídica e económica que se achega no expediente.

A reserva do posto de Tesoureiro a FHE, implica as seguintes variacións respecto da plantilla-cadro publicado no BOP nº 100, do 27 de maio de 2011 (trala modificación efectuada vía acordo plenario en abril de 2011):

- a recolocación de todos os postos reservados a FHE, na Escala de Funcionarios con habilitación de Caracter estatal (Secretaría, Intervención e Tesourería).
- A modificación do complemento de destino outorgado ao posto de Tesourería equiparándose aos que resultan para o Secretario e Interventor (vid apartado a.4.) en cumprimento do estipulado na Disposición adicional 7ª do Decreto 49/2009, do 26 de febreiro, non podendo ser inferior ao nivel 26 como se indica.
- Nas retribucións isto supón as propias das do subgrupo A1 a que pertence (e non C1 como estaba ata o de agora), ademais do correspondente ao complemento de destino indicado no parágrafo anterior, e novo complemento específico axustado a cualificación e responsabilidade do posto, non inferior á prevista para o resto do persoal municipal tal e como esixe a disposición adicional 7ª do Decreto 49/2009.
- Por outra banda, rebáixanse os complementos de destino dos postos de Secretaría e Intervención municipal do 30 ao 28, xustificándose en que a suba adoptada por acordo plenario o 01/12/2005 o foi para que ambos prestaran asesoramento legal e técnico ao servizo de recadación. Tendo en conta que coa reserva do posto de Tesourería a FHE é a este a quen lle corresponden as ditas funcións, desaparece o motivo que xustificaba aquela suba. Consta no expediente o acordo plenario ao que se fai a referencia.

Asemade, aproveítase para efectuar outras pequenas adaptacións no cadro de persoal- plantilla no tocante aos funcionarios:

- Engádense máis datos no tocante aos funcionarios, distinguíndose entre a titularidade dos postos e situación administrativa de cobertura destes.
- Mudase o nome do posto do subgrupo A2 da Escala de Administración Xeral ata agora " Técnico de Secretaría-Intervención" polo de " Técnico de Administración Xeral" por considerarse máis axeitado ás funcións que pode desenvolver de xestión e apoio aos Servizos Xerais.

O seu detalle figura no Anexo a este texto.

Emitido informe pola Secretaría e Intervención municipal do día 21/03/2012.

Sendo favorable o resultado da negociación colectiva segundo consta na acta do día 23/03/2012.

Polo exposto, esta Alcaldía somete ao Pleno corporativo como órgano competente que é ao respecto, a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro: Reservar o posto de Tesourería deste concello a funcionarios con habilitación de carácter estatal, solicitando a creación e clasificación deste á Consellería de Presidencia e Administracións Públicas, á que se lle remitira (ademais do relativo á modificación da plantilla) a seguinte documentación:

- Solicitud de reserva do posto de Tesourería do Concello de Rianxo.
- Memoria xurídica e económica que o xustifiquen.
- Certificado relativo á última cifra de poboación municipal aprobada.
- Certificado de recursos ordinarios do orzamento municipal.

Segundo: Modificar a plantilla - cadro de persoal no tocante aos funcionarios nos termos en que se relata na parte expositiva deste acordo e que se reflicten figura no anexo adxunto a esta proposta.

Conforme ao apartado anterior modifícase asemade as características dos postos que figuran na relación de postos de traballo nos seguintes termos:

RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DO PERSOAL FUNCIONARIO:

Número de orde: 24
Número de postos: 1.
Denominación da praza ou posto de traballo: **Tesoureiro**
Subgrupo: A1
Nivel de complemento de destino: 28.
Complemento específico: 18.208,82 €/ano.

RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DO PERSOAL FUNCIONARIO:

Número de orde: 1.
Número de postos: 1.
Denominación da praza ou posto de traballo: **Secretaría.**
Subgrupo: A1
Nivel de complemento de destino: 28.
Complemento específico: 18.208,82 €

RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DO PERSOAL FUNCIONARIO:

Número de orde: 21
Número de postos: 1.
Denominación da praza ou posto de traballo: **Intervención.**
Subgrupo: A1
Nivel de complemento de destino: 28.
Complemento específico: 18.208,82 €

Terceiro: Expóñase ao público a plantilla- cadro de persoal, e características da relación de postos, polo prazo de quince días hábiles, para os efectos de reclamacións, conforme ao preceptuado no artigo 169.1 do citado Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Cuarto.- Que no suposto de non presentarse reclamacións contra o acordo de aprobación inicial desta modificación considerárase definitivamente aprobado, debendo cumprirse o trámite da súa publicación, no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios deste Concello, segundo dispoñen os artigos 127 do Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, e 169.3 do repetido Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo; e noutro caso procederá de acordo co previsto no número 1 deste último artigo.

Quinto: Que de conformidade co número 4 do mesmo artigo, se remita copia da modificación da plantilla-cadro de persoal de funcionarios á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma (a esta última vía telemática ao abeiro da orde do 15/12/2010, DOG 23/12).

ANEXO: RESERVA FHE DO POSTO DE TESOURERIA E MODIFICACIÓN PLANTILLA (MARZO2012)

CADRO DE PERSOAL - MODIFICACION PLANTILLA				
FUNCIONARIOS DE CARREIRA				
ESCALA DE FUNCIONARIOS CON HABILITACIÓN DE CARACTER ESTATAL				
Nº	Denominación	Grupo	C.D.	Titularidade/ Situación administrativa
1	Secretaría	A1	28	1 Propiedade / 1 ocupada polo titular do posto
1	Interventora	A1	28	1 Propiedade/ 1 ocupada polo titular do posto

1	Tesoureiro	A1	28	1 Vacante/ 1 ocup.en nomeamento accidental
ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL				
a) Subescala Técnica:				
1	Técnico Administración Xeral	A2	26	1 Vacante / 1 non ocupada
b) Subescala de auxiliares:				
3	Auxiliares administrativos	C2	18	2 prop. 1 vacante/ 2 ocupadas x titulares das prazas
1	Administrativo	C1	18	1 en 2ª Actividade/ 1 ocupada en adsc.prov.
1	Axente Recadador	C2	18	1 Vacante/ 1 ocupada por Func. interino.
ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL				
a) Subescala Técnica:				
1	Arquitecto	A1	26	1 Vacante / 1 non ocupada
1	Arquitecto técnico	A2	26	1 Propiedade/ 1 ocupada polo titular da praza
b) Subescala de servizos especiais:				
1	Inspector	A2	22	1 Propiedade/ 1 ocupada polo titular da praza
2	Oficial Policía	C1	18	2 Vacantes/ 1 ocupada en adscrición prov. Polo titular da praza
8	Policías Municipais	C1	18	7 propiedade e 1 vacante
3	Conserxes	Agrup.Prof.	14	3 Propiedade /ocupada polos titulares das prazas
1	Operario de Servizos Varredor	Agrup.Prof.	14	1 Propiedade/ 1 ocupada polo titular da praza

A devandita proposta someteuse a **DITAME** da COMISION INFORMATIVA DE ASUNTOS SOCIAIS, PARTICIPACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS INTERNOS do día 26/03/2012, sendo este favorable.

Procédese polo Sr.Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

DEBATE:

O Alcalde engade á proposta que un dos motivos ou argumento fundamental é que a recadación neste concello efectuese directamente por este, non hai delegación. Este aspecto xunto con que neste intre non cabe convocar procesos selectivos pola disposto no Rd.20/2011 e non dispoñer de persoal municipal cos coñecementos axeitados para o desenvolvemento do posto de Tesourería, xustifican sobradamente a consideración de que se reserve a funcionarios con habilitación de carácter estatal.

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D.^a M^a Vanesa Martínez Duran di que está de acordo que se cubran as vacantes do persoal do concello sempre que sexa con persoal cualificado.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Don José Carlos Gey Hermo, di que apoiando a proposta e reiterando o comentado pola Alcaldía isto vai supor unha mellora no servizo pola cualificación que teñen recoñecida os funcionarios con habilitación de carácter

estatal, ademais realizase unha modificación nos complementos de destino de Secretaria e Intervención derivada da desaparición do asesoramento por estes postos ao recadador ao ser cuberto con FHE. Estima que é o xeito idóneo e mais áxil para a cobertura do posto.

A voceira do grupo municipal do BNG, Dona Adelina Ces Quintáns, di que está conforme coa proposta que se ditaminou a favor polos representantes sindicais.

O Alcalde remata o debate lembrando que os funcionarios con habilitación de carácter estatal trátase dunha escala de funcionarios que superan unha oposición estatal a ese nivel, polo tanto coas garantías de cualificación e especialización máximas.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, e cos votos a favor de 16 concelleiros (os 6 do BNG, 4 do PSOE-PSdeG e 6 do P.P.), 0 abstencións, e 0 votos en contra do total de 16 concelleiros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta **APROBADA** nos termos desta.-/

9.- MODIFICACIÓN DO CADRO DE PERSOAL E PLANTILLA DO PERSOAL LABORAL PARA ADECUACIÓN Á SITUACIÓN REAL

O Sr. Alcalde parte da proposta que figura no expediente deste asunto, que literalmente di:

<<Á vista do cadro de persoal laboral e plantilla existente, advírtese a necesidade de regularizar e axustar este á situación real, o que se resume en:

- Reorganízanse os postos de persoal laboral, distinguíndose en primeiro lugar os fixos e os recoñecidos no Plan de Estabilidade no emprego público do Concello de Rianxo, coa sistemática departamental que figuraba naquel, e seguidamente se recollen os contratos existentes por obra ou servizo de duración determinada
- Amortízanse todos os postos de persoal laboral que xa na plantilla que ía co orzamento non estaban dotados orzamentariamente, estando vacantes tanto en titularidade como en situación administrativa. Son:
 - Técnico en Biblioteconomía
 - Técnico Municipal de Deportes
 - Técnico Animación Sociocultural
 - Educador Social
 - Director Tco. Educación e Cultura
 - Capataz de Obras
 - Capataz de Xardíns
 - Educador Familiar
- Múdase o erro na categoría dos auxiliares de Policía Local xa que logo son persoal laboral temporal, non funcionarios, pasando de indicarse " C2" a ser "IV".

O seu detalle figura no Anexo a este texto.

Emitido informe pola Secretaria e Intervención municipal do día 22/03/2012.

Sendo favorable o resultado da negociación colectiva segundo consta na acta do día 23/03/2012.

Polo exposto, esta Alcaldía somete ao Pleno corporativo como órgano competente que é ao respecto, a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro: Modificar a plantilla- cadro de persoal no tocante aos laborais nos termos en que se relata na parte expositiva deste acordo e que se reflicten no anexo adxunto a esta proposta.

Segundo: Expóñase ao público a plantilla- cadro de persoal polo prazo de quince días hábiles, para os efectos de reclamacións, conforme ao preceptuado no artigo 169.1 do citado Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Terceiro: Que no suposto de non presentarse reclamacións contra o acordo de aprobación inicial desta modificación considerárase definitivamente aprobado, debendo cumprirse o trámite da súa publicación, no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios deste Concello, segundo dispoñen os artigos 127 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, e 169.3 do repetido Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo; e noutro caso procederáse de acordo co previsto no número 1 deste último artigo.

Cuarto.- Que de conformidade co número 4 do mesmo artigo, se remita copia da modificación da plantilla-cadro de persoal de funcionarios á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma (a esta última vía telemática ao abeiro da orde do 15/12/2010, DOG 23/12).

ANEXO: MODIFICACIÓN PLANTILLA (LABORAIS) PARA ADAPTACIÓN Á SITUACION REAL (MARZO 2012)

<u>CADRO DE PERSOAL - PLANTILLA</u>				
PERSONAL LABORAL				
Nº	Denominación	Categoría	Tipo	Observacións
DEPARTAMENTO DE SECRETARÍA E ADMINISTRACIÓN XERAL (SAX)				
<i>(SAX)Unidade de servizos xerais de secretaría.</i>				
1	Administrativo Oficinas	III	Fixo	Vacante (PEEPR nº 01)
<i>(SAX) Unidade de atención ó público, rexistro e padrón.</i>				
1	Auxiliar administrativos	IV	Fixo	Vacante(PEEPR nº 02)
<i>(SAX) Servizo de informática</i>				
1	Técnico superior de Informática (enseñeiro inform)	I	Fixo	Vacante (PEEPR nº 03)
<i>(SAX) Unidade de persoal e desenvolvemento local</i>				
1	Técnico local de emprego e desenvolvemento local (AEDL)	I	Fixo	Vacante(PEEPR nº 05)
DEPARTAMENTO DE URBANISMO (DU)				
1	Auxiliar administrativo	IV	Fixo	Vacante(PEEPR nº 06)
DEPARTAMENTO DE OBRAS E SERVIZOS BÁSICOS (DOSB)				
1	Operarios servizos múltiples-oficinas	V	Fixo	Vacante (PEEPR nº 04)
1	Conductor	V	Fixo	Vacante (PEEPR nº 07)
1	Mecánico	V	Fixo	Vacante (PEEPR nº 08)
1	Soldador- conductor	V	Fixo	Vacante (PEEPR nº 09)
1	Operario Cemiterio e Xardíns	V	Fixo	Vacante (PEEPR nº 10)
<i>(DOSB) unidade de parques e xardíns.</i>				
1	Encargado Obras e Servizos Basicos	V	Fixo	Vacante (PEEPR nº 21)
1	Operario parques e Xardíns	V	Fixo	Vacante (PEEPR nº 11)
<i>(DOSB) unidade de mantemento e limpeza de bens municipais</i>				

3	Operarias limpeza	V	Fixo	Vacante (PEEPR nº 12,13,14)
5	Operarias limpeza	V	Fixo,T.Parc.	Vacante (PEEPR nº 15,16,17,18,19)
(DOSB) unidade de obras				
1	Encargado Obras e Servizos Basicos	V	Fixo	Vacante (PEEPR nº 20)
DEPARTAMENTO DE DEPORTES (DD)				
2	Animadores Deportivos (Tecnico-monitor e animador deportivo)	III	Fixo	Vacante (PEEPR nº 22 e 23)
1	Operario (apoio pavillóns)	V	Fixo	Vacante (PEEPR nº 24)
1	Conserxe Pavillón	V	Fixo	Vacante(PEEPR nº 25)
DEPARTAMENTO DE XUVENTUDE (DXU)				
(DXU) unidade de dinamización xuvenil				
1	Responsable oficina información xuvenil (Técnico Información Xuvenil)	III	Fixo	Vacante(PEEPR nº 26)
DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN E CULTURA (DEC)				
1	Técnico Animador cultura- auxiliar ASC	IV	Fixo	Propiedade
(DEC) unidade de biblioteca				
1	Auxiliar Biblioteca	IV	Fixo	Vacante (PEEPR nº 27)
(DEC) Unidade de educación de adultos				
1	Mestre Educación Adultos	II	Fixo,T.Parc.	Vacante(PEEPR nº 28)
1	Mestre auxiliar Educación Adultos	III	Fixo,T.Parc.	Vacante(PEEPR nº 29)
DEPARTAMENTO DE BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE (DBSI)				
1	Técnico Medio de Servizos Sociais	II	Fixo	Vacante (PEEPR nº 30)
(DBSI) unidade de atención primaria				
2	Auxiliar axuda no Fogar	V	Fixo,T. Parc	Vacante(PEEPR nº 31,32)
(DBSI) unidade de atención psicopedagóxica				
1	Pedagogo	I	Fixo	Vacante (PEEPR nº 33)
1	Monitor Manualidades	IV	Fixo,T.Parc.	Vacante(PEEPR nº 34)
DEPARTAMENTO DE TURISMO E MEDIOAMBIENTE				
1	Educador ambiental e turistico	II	Fixo	Vacante PEEPR nº 35)
1	Tecnico Medio de Actividades	II	Fixo	Vacante(PEEPR nº 36)
1	Técnico en Biblioteconomía	II	Fixo	AMORTIZAR
1	Técnico Municipal de Deportes	I	Fixo	AMORTIZAR

1	Técnico Animación Sociocultural	II	Fixo	AMORTIZAR
1	Educador Social	II	Fixo	AMORTIZAR
1	Director Tco. Educación e Cultura	II	Fixo	AMORTIZAR
1	Capataz de Obras	IV	Fixo	AMORTIZAR
1	Capataz de Xardíns	IV	Fixo	AMORTIZAR
1	Educador Familiar	II	Fixo	AMORTIZAR
POR OBRA OU SERVIZO DE DURACIÓN DETERMINADA				
Nº	Denominación obra ou servizo- en condición de:	Categoría		
2	Condutores	V		
1	Oficial 1ª	V		
4	Auxiliar axuda no Fogar	V		
1	Conductor Ambulancia	V		
1	Auxiliar Admtvo Servizos Sociais	IV		
1	Axente Auxiliar de Desenv. Local	II		
2	Auxiliares Recadación	IV		
1	Animador Cultural	II		
1	Administrativo Obras	III		
1	Auxiliar administrativo (Oficinas Xerais)	IV		
1	Bedel Biblioteca	V		
3	Peóns Xardinería	V		
1	Carpinteiro	V		
1	Fontaneiro	V		
1	Auxiliar Oficinas Intervención (Tec. Informática Xestión)	III		
1	Tco.Licenc.Empresariais Intervención	I		
1	Animador Cultural	II		
1	Monitor Deportivo	III		
1	Peón Carpinteiro	V		
1	Educadora Familiar	II		
1	Traballadora Social	II		
2	Auxiliares de Policía	IV		
1	Arquitecto ARI	I		

1	Auxiliar administrativo ARI	IV		
---	-----------------------------	----	--	--

A devandita proposta someteuse a **DITAME** da COMISION INFORMATIVA DE ASUNTOS SOCIAIS, PARTICIPACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS INTERNOS do día 26/03/2012, sendo este favorable.

Procédese polo Sr.Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

DEBATE:

O Alcalde quere explicar que a amortización dos postos indicados débese a que é difícil mantelos neste momento, xa que tampouco sería posible dotalos. Aproveita para facer lembranza do suceso acontecido o venres pasado, día 23, polo falecemento do encargado de Parques e Xardíns.

Continua o Alcalde dicindo que o aprobado do Plan de Estabilidade no emprego Publico do Concello de Rianxo está en suspenso debido á paralización dos procesos selectivos polo Rd.20/2011, aprobado polo goberno estatal.

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D.^a M^a Vanesa Martínez Duran di que están de acordo e solicita que se efectue unha regularización dos postos de traballo municipal.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Don José Carlos Gey Hermo, di que o estudo para a regularización xa se está a facer entre outras medidas mediante esta reorganización da plantilla e que será o primeiro paso para logo ir aprobando os procesos selectivos.

A voceira do grupo municipal do BNG, Dona Adelina Ces Quintáns, amosa a conformidade á proposta nos termos explicados pola Alcaldía e que figuran na proposta.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, e cos votos a favor de 16 concelleiros (os 6 do BNG, 4 do PSOE-PSdeG e 6 do P.P.), 0 abstencións, e 0 votos en contra do total de 16 concelleiros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta **APROBADA** nos termos desta.-/

10.- MOCIONS DE URXENCIA

En cumprimento do preceptuado no artigo 91.4^o do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais, concluído o exame dos asuntos incluídos na Orde do Día, e antes de pasar o turno de rogos e preguntas, abrese o punto de mocións de urxencia.

10.1.- CESIÓN Á CONSELLERIA DE SANIDADE-SERGAS DA PARCELA DE 1.373M2 XUNTO CO EDIFICIO CORRESPONDENTE AO CENTRO DE SAUDE DE TARAGOÑA.

A) URXENCIA DA MOCIÓN:

A Presidencia procede a someter o asunto por non chegar a tempo para incluílo na orde do día.

O alcalde fai un resumen relativo aos antecedentes, agora é unha cesión completa (edificio e parcela), non presentándose alegacións na exposición pública do expediente.

Sometese a ratificación a urxencia da moción, resultando **Ratificada a urxencia por unanimidade dos membros presentes**, 16 dos 17 que legalmente o conforman, isto é, maioría absoluta do número legal de membros que conforman o pleno municipal.

B) PASASE A TRATAR O TEXTO DA MOCIÓN.

A Alcaldía da lectura da proposta:

<<Remitido pola Presidencia da FEGAMP copia do acordo coa Consellería de Sanidade verbo da asunción pola Xunta de Galicia dos gastos dos centros de saúde a partir do 01 de xaneiro de 2009. O acordo concretase en dous documentos:

1. Protocolo asinado pola Consellería de Sanidade-SERGAS e a FEGAMP xunto cos anexos dos centros que poden ser transferidos ao SERGAS, entre eles este de que se trata.
2. Convenio asinado o 23 de marzo de 2009 entre o Concello de Rianxo e a Consellería de Sanidade-Sergas para a asunción dos custos do centro de saúde de Taragoña.

Entre xaneiro a abril de 2010 tivo lugar a tramitación municipal da cesión do Centro de Saúde de Taragoña. Se ben inicialmente tramitouse como cesión do edificio e da parcela, xa que logo está prohibida a parcelación en solo rústico, e vendo que a superficie da parcela (1.373m²) cedida pola Sociedade "Centro Cultural Deportivo de Taragoña" era bastante superior á do terreo ocupado polo edificio (154m²) rematou na cesión unicamente do edificio.

Á vista da non aceptación pola Consellería de Sanidade-SERGAS da cesión do edificio sen o terreo no que se atopa o Centro de Saúde, e que ilo en último termo implica que o Concello de Rianxo segue a asumir nestes tempos os gastos derivados do seu funcionamento, o que estímase improcedente nos momentos económicos que vivimos, cómpre resolver conxuntamente a cesión da parcela de 1.373m² e do edificio sobre ela localizado coñecidos como "Centro médico de Taragoña" á esa entidade pública.

Para tal fin incorporouse algunha documentación do expediente anterior e leváronse a cabo o resto dos trámites esixidos no artigo 109 e 110 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, de xeito que consta:

- informe emitido pola Asesoría Xurídica Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia do 25/04/2005, e as sentenzas do Tribunal Supremo do 14 de maio de 2002 e do 14 de outubro de 1998.
- convenio coa Consellería de Sanidade-Sergas en data 23 de marzo de 2009, polo que se asumirían os custos de mantemento do centro de saúde de Taragoña dende a formalización da cesión que se somete a este pleno.
- a memoria xustificativa remitida pola Dirección de Recursos Económicos do Servizo Galego de Saúde (RXE nº 1871), como ente de carácter público, e que o fin perseguido redundará en beneficio da poboación deste concello, cunha mellora das prestacións e servizos sanitarios
- Inscritos a parcela e edificio con carácter de propio e a nome do Concello de Rianxo como resulta do certificado emitido polo Rexistrador da Propiedade o 28/12/2011.
- Certificación do Secretario da Corporación na que consta que dito ben figura no inventario, así como acordo plenario do 02/03/2010, da rectificación do inventario ca cualificación xurídica de patrimonial e novo acordo do 03/01/2010 aclarativo de que incluíu a parcela.
- informe do Interventor de fondos do 17/02/2012 no que se proba non haber débeda pendente de liquidación respecto de dito ben e que o valor de ambos bens non supera o 25% dos recursos ordinarios da corporación.-
- Informe do arquitecto técnico municipal do 14/02/2012 no que asevera que os bens non se atopan comprendidos en ningún plan de ordenación, reforma ou adaptación.

Esta Alcaldía engade que non son necesarios para a entidade local e non é previsible que o sexan nos dez anos inmediatos.

Achegado certificado expedido pola Secretaria sobre a non presentación de alegacións no prazo de exposición pública efectuada no BOP o día 29/02/2012 e no taboleiro de anuncios municipal.

Informado pola Secretaria o día 26 de febreiro de 2012.

Polo exposto, que determina o cumprimento do establecido no artigo 110.1 do Regulamento de Bens das Corporacións Locais, teño a ben propoñer o Pleno do Concello, a adopción do seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO: Ceder gratuitamente ao SERGAS a titularidade da parcela e do edificio en que se ubica o centro de saúde de Taragoña, sendo os datos do inmovible os que seguen:

Ficha nº 17 Inventario de Bens

CENTRO MEDICO DE TARAGOÑA:	
-	Nº orde:.....0017.
-	Código:110017.
-	P.G.C.P.:2023.
-	Archivo:1.
-	Fecha Alta:..... 31/12/1992.
-	Naturaleza:..... Patrimonial.
-	Uso: Residencial.....Sanitario.
-	Situación:..... Taragoña.
-	Destino:clínica.
-	Acuerdo:Pleno Corporación.
-	Fecha acuerdo:31/12/1992.
-	Descripción.....-----
-	Fecha adquisición:..... 01/01/1988.
-	Título adquisición:..... compra.
-	Registro:.....-----
-	Tomo:.....-----
-	Libro:.....-----
-	Folio:.....-----
-	Finca:.....-----
-	Referencia catastral:.....-----
-	Linderos frente:..... carretera.
-	Linderos espalda:T.P.
-	Linderos izquierda:T.P.
-	Linderos derecha:..... T.P.
-	B.rasa:..... 0,00.
-	S.rasa:154,00.
-	Superficie:154,00.
-	Año construcción:1988.
-	Estado:6
-	Coste constr.....: 9982975
-	Solar:.....1122,00
-	O.Solar +constr.....10291525
-	Obras y mejoras:.....-----
-	F.mejoras:.....-----
-	Coste mejoras:.....-----
-	Derechos reales a favor:.....-----
-	Derechos reales gravan:.....-----
-	Derechos personales:.....-----
-	Clase Renta produce:XXX
-	Renta anual:.....0
-	Cía de seguros:..... No está asegurado.
-	F.Contrato:.....-----

- Cuota seguro:	0
- Valor seguro:	0
- F.Vencim:.....	-----
- Coste Total:.....	10291525
- V.Catastral:	0
- Amor/ Decrect:.....	-----
- Valor Neto:.....	10291525

Este acordo substitúe ao adoptado polo pleno corporativo o 20/04/2010 en canto que soamente previa a cesión do edificio.

SEGUNDO: A cesión é motivada no interese público que a actividade do SERGAS comporta.

TERCEIRO: Comunicar a devandita cesión a Comunidade Autónoma, en cumprimento do preceptuado no artigo 109 do Regulamento de Bens das Corporacións Locais.

CUARTO: Dar traslado do presente acordo ao SERGAS e aos departamentos municipais implicados.>>

Procédese polo Sr.Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

DEBATE:

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D.^a M^a Vanesa Martínez Duran comenta que esperaba que houbera algunha modificación da convocatoria pero que se siga adiante, que se vote.

O Alcalde resposta que non ten inconveniente en deixalo para o outro pleno, que posiblemente ao final téñase que facer outro cara ao final de semana polo tema do plan de axuste.

M^a Vanesa Martínez Duran di que manteñen a liña que adoptaran doutra vez que se trouxo ao pleno, así que vanse abster.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Don José Carlos Gey Hermo, di que apoia a proposta e comenta que se podería indicar que reverta ao concello de deixar de prestarse o servizo que se cede.

A voceira do grupo municipal do BNG, Dona Adelina Ces Quintáns, di que están de acordo coa proposta pero que sería bo precisar na acta o aspecto da reversión.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, e cos votos a favor de 10 concelleiros (os 6 do BNG e os 4 do PSOE-PSdeG) e 6 abstencións do P.P., e 0 votos en contra do total de 16 concelleiros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta **APROBADA** nos termos desta sempre e cando reverta ao concello os bens cedidos de deixar de prestarse pola Xunta de Galicia o servizo para o que está encomendado.

A **Presidencia pregunta se hai mocións.**

Procédese coas que se consideran a tratar polos diferentes grupos.

10.2.- MOCION DO GRUPO MUNICIPAL DO B.N.G RELATIVA A FOLGA XERAL POLA REFORMA LABORAL DO REAL DECRETO 3/2012 (RXE nº 1893, do 19/03)

A) URXENCIA DA MOCIÓN:

A voceira do BNG, Adelina Ces Quintáns, comenta someramente a moción que figura no expediente.

Sometese a ratificación a urxencia da moción, resultando **Ratificada a urxencia** por unanimidade dos membros presentes, 16 dos 17 que legalmente o conforman, isto é, maioría absoluta do numero legal de membros que conforman o pleno municipal.

B) PASASE A TRATAR O TEXTO DA MOCIÓN.

A voceira do grupo municipal BNG, Dona Adelina Ces Quintáns, da lectura da moción:

<<EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A reforma laboral recentemente aprobada polo Goberno do Estado, a través do Real Decreto-Lei 3/2012, do 10 de febreiro, constitúe outro chanzo máis na aplicación de políticas regresivas e inxustas socialmente.

A curta estancia do actual Goberno no poder xa nos permite albiscar a asunción plena do programa económico dos grandes poderes económicos e financeiros, e a disposición para levar a termo políticas de axuste económico que atentan contra dereitos e conquistas sociais atinxidas a prol das maiorías sociais.

A regulación laboral agora en vigor socava dereitos dos traballadores e traballadoras, actuando para iso sobre a rebaixa das indemnizacións por despedimento, a ampliación das facultades da empresa para ordenar modificacións discrecionais nas condicións de traballo e a devaluación da negociación laboral. O obxectivo último é a procura dunha maior precariedade e desregulación nas relacións laborais, que conduzan a unha redución real das rendas salariais, que xa viñan sufrindo un retroceso antes e, sobre todo, despois do estoupido da crise fronte ás rendas de capital.

Por outra banda, esta non é a reforma no eido do réxime laboral que se precisa para afrontar unha recuperación económica baseada na creación de emprego estábel e digno, que é a principal aspiración da maioría das persoas no noso país, especialmente dunha parte importante que atravesa graves dificultades económicas. Esta afirmación, non procede das organizacións e persoas contrarias á reforma, senón que mesmo foi emitida polo Goberno e partido impulsores de dita reforma laboral, que recoñeceron a súa nula contribución cara a xeración de emprego, evidenciando dese xeito que a verdadeira xustificación para adoptala é a de satisfacer as arelas de minoritarias elites económicas de reducir os dereitos laborais a mínimos para mellorar en exclusiva a taxa de beneficios e o reparto de dividendos entre os accionistas das grandes corporacións empresariais.

As organizacións sindicais máis representativas convocaron unha folga xeral para o vindeiro día 29 de marzo, a fin de que os traballadores e traballadoras expresen o seu rexeitamento á reforma laboral, tanto polo contido antisocial concreto que contén, como por representar unha medida máis dentro da política de retallamentos sociais que o actual Goberno do Estado está disposto a emprender.

No noso concello a maioría da poboación é traballadora, polo que se verá directamente afectada pola minoración de dereitos no desempeño do seu labor profesional imposta por esta reforma laboral, o que require un apoio explícito da institución local representativa ás medidas de rexeitamento da mesma.

Por todo o exposto é polo que o grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

ACORDO

Manifestar o apoio ás mobilizacións e á folga xeral convocadas para o 29 de marzo de 2012 polas organizacións sindicais representativas en contra da reforma laboral aprobada polo Real Decreto 3/2012, do 10 de febreiro.>>

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D.^a M^a Vanesa Martínez Duran comenta que dende o inicio da crise en España destruíronse uns 2,7 millóns de empregos – a metade do destruído na UE- moitos a través de expedientes de regulación de emprego. O obxectivo da reforma laboral é que as empresa poidan manter a súa actividade e os traballadores o seu emprego a través de mecanismos de flexibilidade interna para que o despedimento sexa o último recurso en situación de crise económica ou de redución da demanda. A reforma la-

boral pretende: 1.- o impulso da contratación indefinida e fixa as abases para crear emprego estable e de calidade; 2.- dar ferramentas a traballadores e empresarios para que o despedimento sexa a última opción; 3.- Non facilita o despedimento, senón que trata de obxectivar as súas causas para que non haxa inseguridade xurídica; 4.- contribúe a frear a sende de destrución de emprego dos últimos anos.

A concelleira do PP continua dicindo que a reforma non limita ningún dereito, senón que afonda nun dos dereitos máis relevantes, o do dereito ao traballo (art.35 CE). Ademais crea un novo dereito: o dereito á formación cun permiso retribuído de ata 20 horas anuais, o que mellorará as posibilidades de ser contratado, fortalecendo a súa preparación profesional, relictándose todo ilo nunha conta de formación.

Vanesa Martínez afirma que a reforma da máis liberdade aos empresarios e traballadores para buscar mecanismos de flexibilidade que favorezcan o mantemento do emprego. Os autónomos, emprendedores e as empresas son as que crean emprego, por iso o que se pretende é establecer un marco normativo axeitado que permita crear un emprego estable e de calidade cando España recupere a senda do crecemento económico. É necesaria, mais non suficiente, e por iso en 50 días o goberno fixo ademais: a lei de estabilidade orzamentaria (para que non se agaste de máis do que se ingresa nas contas públicas), a reforma financeira para que volva o crédito e a liquidez ás empresas e ás familias, e esta reforma laboral. En calquera caso, a prioridade do Goberno Estatal é o emprego e con esta reforma non perde ningún.

Di a voceira que a reforma está baseada no principio de negociación e acordo entre traballadores e empresario para que poidan acomodar as relacións laborais á realidade da empresa e da situación económica. Un dos obxectivos da reforma é sumar os esforzos de todos aqueles que poden colaborar na procura dun posto de traballo e con este RD gañan os traballadores xa que logo buscase a estabilidade no emprego, gañan os desempregados que van ter máis oportunidades, e gañamos todos en transparencia e seguridade xurídica nas relacións laborais. Por outra banda, cómpre resaltar que o despedimento é o último recurso da reforma. Esta xeneraliza a indemnización de 33 días do contrato para o fomento do emprego, que se pactou en 1997 polos axentes sociais, e clarifica as causas de despedimento procedente de 20 días que xa existía de antes. A isto engadir que está en liña con Europa outorgando maior transparencia e seguridade xurídica ás relacións laborais no noso país, respectando os dereitos adquiridos dos traballadores (para os contratos antigos a nova indemnización só será de aplicación para o período de traballo que se realice dende a entrada en vigor da norma). En definitiva, a gran transformación da reforma é permitir ás empresa maior flexibilidade para que poidan axustarse ás situacións económica adversas e que o despedimento sexa o último recurso, insiste.

Segue a intervir a concelleira que formula a pregunta de ¿ qué supón a flexibilidade na empresa?, pois significa que cando haxa situacións económicas adversas, o empresario e os traballadores poderán modular a condicións da súa relación laboral para axustarse mellor ás necesidades do momento e evitar o mecanismo do despedimento: adaptación de funcións, distribución da xornada... o que da maior seguridade. Noutro orde de cousas, os axentes sociais acadaron un acordo de moderación salarial que o goberno viu cunha gran satisfacción porque responde á situación actual que atravesamos a economía española.

Manifesta que en canto aos EREs mantense o procedemento articulado ata a data con tres aspectos a resaltar: a eliminación da autorización administrativa previa (que so existía en España e Grecia, e mantense a obriga de comunicación á autoridade laboral), a posibilidade de que de non haber acordo os traballadores ou os seus representantes acudan á vía xudicial, e obrígase ás empresas a establecer e financiar un plan de recolocación externa cando o despedimento afecte a máis de 50 traballadores, o que é o máis novedoso.

Para pechar di que o contrato de traballo por tempo indefinido de apoio aos emprendedores fomenta o emprego estable e indefinido e está destinado ás PEMES de menos de 50 traballadores e aos autónomos. Neste contrato danse ose seguintes incentivos fiscais: a) se contratan a un mozo menor de 30 anos terán unha deducción fiscal de 3.000€ durante 1 ano. b) adicionalmente se é desempregado poderá deducirse o 50% da prestación de desemprego dese traballador e permitirá ao traballador seguir cobrando o 25% da súa prestación por desemprego de seguir tendo dereito a ela. Ademais se se contrata desempregados inscritos na oficina de emprego, a empresa terá dereito ás seguintes bonificacións da seguridade social: Se contrata mozos ata 309 anos bonificarase ata 3.300€ durante 3 anos, de ser mulleres 3.600€ no mesmo periodo, e no caso de parados de longa duración a bonificación será de 1.300€ durante 3 anos e 1.500 se son mulleres.

E conclúe a voceira do PP: a reforma laboral é unha normativa necesaria e valente, aprobada por un goberno dedicado a combater a taxa de cinco millóns de desempregados que herdou. Flexibiliza un ríxido mercado laboral no que non había marxe para que as empresas creasen emprego, estimula a autónomos e Pemes para contratar ao primeiro traballador, incentiva os contratos a mozos, fomenta a recolocación de traballadores que sufran un ERE, combate a fraude e a economía mergullada e consolida a formación. En definitiva é a reforma que España necesita para crear emprego no momento que a economía despegue de novo. Asemade os socios europeos nos felicitan pola reforma, o que é unha mostra de que é a normativa que España precisaba nun momento tan crucial para a nosa economía. O goberno do PP está a gañar a confianza da UE e dos mercados, unha estabilidade que beneficiará a España e atallar a crise da débeda.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Don José Carlos Gey Hermo, menciona algunhas expresións como “ emprego estable”, “ mais liberdade aos empresarios”, “ gañan os traballadores”...e outras que cree que a voceira do PP non debe estar a referirse á mesma reforma laboral, causándolle estupor. Di que apoia a folga polos motivos que xa se expuxeron na moción e especialmente polos recortes sociais efectuados polo goberno estatal.

A voceira do grupo municipal do BNG, Dona Adelina Ces Quintáns di que co texto da moción pouco ten que engadir, simplemente di que o dereito de formación para traballadores e empresarios ou esclavizar aos traballadores, traballo subvencionado polo Estado, suba do IRPF e en calquera caso enriquecemento das grandes fortunas é o que vai derivar das reformas do goberno estatal.

A voceira do PP pide turno de réplica e di que lembra que foi o PSOE o que meteu a España na situación actual, non está lexitimado pois para criticar esta reforma laboral sobre todo despois de fracasr na que impuxo hai dous anos unilateralmente. A inercia do mercado laboral encamiñábase ao desastre, un caos froito da xestión socialista que o PP tenta atallar coa reforma.

O Alcalde di que sinte que se perda tamén a batalla das palabras porque isto chámase “reforma laboral” e é unha norma para o despedimento libre, e como din os sindicatos suporá un retroceso enorme nos dereitos sociais e civís que nos levarán atrás no tempo, a principios de século. A Unión Europea está moi preocupada somatizando a Grecia, Portugal e España e deixanse atrás os logros acadados no Estado de Benestar social.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, e cos votos a favor de 10 concelleiros (os 6 do BNG e os 4 do PSOE-PSdeG) e 6 votos en contra do P.P., e 0 abstencións do total de 16 concelleiros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta **APROBADA** nos termos desta.

O Alcalde comunicará que se lle retraiga a parte proporcional da dedicación do día da folga aos membros do goberno.

10.3.- MOCION DO GRUPO MUNICIPAL DO B.N.G RELATIVA A PROTECCIÓN DOS AFECTADOS POLA COLOCACIÓN MASIVA DE ACCIÓNS PREFERENTES (RXE nº 1959, do 20/03/2012)

A) URXENCIA DA MOCIÓN:

A voceira do BNG, Adelina Ces Quintáns, comenta someramente a moción que figura no expediente.

Sometese a ratificación a urxencia da moción, resultando **Ratificada a urxencia** por unanimidade dos membros presentes, 16 dos 17 que legalmente o conforman, isto é, maioría absoluta do numero legal de membros que conforman o pleno municipal.

B) PASASE A TRATAR O TEXTO DA MOCIÓN.

A voceira do grupo municipal BNG, Dona Adelina Ces Quintáns, da lectura da moción:

<<EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos meses persoas deste concello están denunciando a comercialización irregular de participacións preferentes por parte das entidades financeiras pola falta de transparencia na súa colocación.

As participacións preferentes son un produto de investimento moi complexo, cun risco elevado. Trátase de valores que non teñen liquidez inmediata, para os que non existe garantía sobre o capital investido, onde o consumidor pode ter perdas.

Esa colocación masiva de participacións preferentes tivo como obxectivo a miles de clientes particulares, non familiarizados cos investimentos financeiros, que non eran informados debidamente das características destes produtos nin dos seus riscos, e en especial da escasa ou nula liquidez e da perpetuidade deste produto. Como resultado deste proceso, ao non comunicar ás persoas interesadas as advertencias necesarias dos riscos que entrañan estes produtos financeiros, as persoas afectadas -na súa maioría aforradores con historial carente de investimentos arriscados, que case sempre rendibilizaran os seus aforros coa contratación de depósitos bancarios ou investimentos simples a determinado prazo fixo- están a comprobar agora, pola negativa das entidades financeiras, a imposibilidade de recuperar o diñeiro investido.

A Comisión do Mercado de Valores (CNMV) advertiu en 2009 que non se trataba dun produto financeiro idóneo para a colocación no tramo comerciante polo miúdo, entre pequenos e medianos aforradores. Con todo, durante 2010 e 2011 continuaron estas emisións como forma de mellorar os coeficientes de solvencia das entidades financeiras, sen cumprirse a normativa de protección de consumidores de produtos financeiros, que no caso de clientes minoristas concretáanse na realización de tests personalizados de conveniencia co fin de asegurar se responde as necesidades e características dos clientes destinatarios.

A presente moción pretende esixir das autoridades competentes, tanto da Xunta de Galiza -dado que moitas emisións foron emitidas polas extintas caixas de aforro antes da súa conversión en Nova Galicia Banco-, como do Goberno do Estado, que proporcionen unha solución satisfactoria ao problema descrito da colocación de participacións preferentes entre pequenos aforradores, que debe pasar pola devolución íntegra do nominal investido nestes títulos sen rebaixa de ningún tipo e, con vistas ao futuro, pola observancia estrita da normativa de protección de consumidores de produtos financeiros.

Por iso, solicitamos do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1. Instar á Xunta de Galiza e ao Goberno do Estado a que adopten medidas efectivas de protección dos clientes de entidades financeiras que investiron os seus aforros en instrumentos financeiros opacos sen que por parte das entidades fosen informados debidamente dos riscos do produto e sen que se cumprisen as demais obrigas establecidas na normativa, co fin de que podan recuperar os seus aforros no prazo de tempo máis breve posíbel.

1. Instar á Xunta de Galiza a exercer as potestades que ostenta sobre Novagalicia Banco para que os centos de adquirentes de participacións preferentes das extintas Caixas de Aforro podan recuperar inmediatamente o investimento realizado.

1. Instar á Xunta de Galiza e ao Goberno do Estado a que demanden do Banco de España e a Comisión do Mercado de Valores (CNMV) a emprender unha campaña de inspección sobre a comercialización por parte das entidades financeiras das participacións preferentes, esixindo, no seu caso, a depuración das responsabilidades aos executivos e directivos das entidades financeiras que impulsaron e cometeron o fraude masivo aos pequenos aforradores.>>

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D.^a M^a Vanesa Martínez Duran di que apoia- rian o acordado polo Parlamento de Galicia (aprobado polo PP, PSOE e BNG), remitíndose ao texto que se publicou no Boletín Oficial do Parlamento do día 17/02/2012, páxina 182843, de xeito que a emenda que formularia o grupo municipal do PP sería segundo aquela.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Don José Carlos Gey Hermo, rexeita esas actuacións feitas sen transparencia e abusando da confianza das persoas que algúns cida- dás asinaron co dedo, e que nos leva a economía de mercado que algún partido político respalda. Coñece casos de veciños de Rianxo que as formalizaron e logo cando quixeron empregar os cartos non puideron e as mesmas entidades financeiras acabaron ofrecéndo- lles un préstamo para dispoñer de diñeiro. Continúa dicindo que á vista da emenda que for- mula o Partido Popular enténdeos complementarios das recollidas na moción cara a afron- tar e apoiar a situación a que deu lugar.

A voceira do BNG, Adelina Ces Quintáns amosa tamén a conformidade coa emenda no tex- to da proposta como un engadido a aquela unicamente do apartado c) do acordo do Parla- mento que di:

<<Apoiar e informar aos posibles afectados pola comercialización das participacións preferentes sobre as vías de reclamación das que dispoñan a través das oficinas do Instituto Galego de Consumo.>>

Rematado o debate, sométese a **VOTACIÓN a proposta recollida ao principio deste punto coa emenda formulada**, e por unanimidade dos votos a favor dos 16 concelleiros presentes (os 6 do BNG e os 4 do PSOE-PSdeG e 6 votos do P.P.), dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta **APROBADA** nos termos que se indican de seguido:

1. Instar á Xunta de Galiza e ao Goberno do Estado a que adopten medidas efectivas de protección dos clientes de entidades financeiras que investiron os seus aforros en instrumentos financeiros opa- cos sen que por parte das entidades fosen informados debidamente dos riscos do produto e sen que se cumprisen as demais obrigas establecidas na normativa, co fin de que podan recuperar os seus aforros no prazo de tempo máis breve posíbel.

2. Instar á Xunta de Galiza a exercer as potestades que ostenta sobre Novagalicia Banco para que os centos de adquirentes de participacións preferentes das extintas Caixas de Aforro podan recuperar inmediatamente o investimento realizado.

3. Instar á Xunta de Galiza e ao Goberno do Estado a que demanden do Banco de España e a Comi- sión do Mercado de Valores (CNMV) a emprender unha campaña de inspección sobre a comerciali- zación por parte das entidades financeiras das participacións preferentes, esixindo, no seu caso, a depuración das responsabilidades aos executivos e directivos das entidades financeiras que impul- saron e cometeron o fraude masivo aos pequenos aforradores.

4. Apoiar e informar aos posibles afectados pola comercialización das participacións preferentes sobre as vías de reclamación das que dispoñan a través das oficinas do Instituto Galego de Consumo.

11.- ROGOS E PREGUNTAS

RESPOSTA A PREGUNTAS DE PLENOS ANTERIORES

P.2.- PRUX tras unha moción presentada polo concello en que tramite se atopa? Aprobouse?? Houbo algunha emenda??

O Alcalde di que recabará información á Consellería sobre en que situación se atopa pero a día de hoxe non ten contestación.

P.6.- Cal é a débeda do concello de Rianxo a día de hoxe?.

O Alcalde di que lla dará ao longo desta semana. En calquera caso pódese avanzar que o concello presentou un volume de facturas por 1.200.000€ con cargo ao Real Decreto 4/2012.

NOVOS ROGOS E PREGUNTAS

O Alcalde ofrece o turno á voceira do grupo do PP.

Mª Vanesa Martínez Duran, concelleira do PP, formula os seguintes:

Rogos

R.1. *Roga que se comunique canto se recadou no auditorio no que vai de legislatura, no seu defecto, facilite a relación de actos que se desenvolveron nel.*

O Alcalde dille que é doado xa que no Auditorio non se cobra nada. O motivo é que falta aprobar o regulamento que lle dea base para facelo. Isto agás algún acto benéfico ou actuación da Escola Municipal. Trátase dunha cuestión pendente de resolver e incluso servirá para cuantificar a actividade e para entrar na Rede de espectáculos de Galicia, ademais de que pensa que o cobro da actividade tamén lle outorga dignidade.

A concelleira do PP pregunta se houbo en relación con actos relacionados coa política.

O Alcalde dille que non se recadou.

O voceiro do PSOE di que non houbo.

A concelleira di que convencións ou congresos si houbo algunha porque llo preguntaron.

O Alcalde dille que efectivamente houbo unha convención pero igual que si o PP ten necesidade de facer uso do Auditorio o día de maña non se recadou.

Preguntas

P.1.- Cales van ser os servizos mínimos o día da folga.

O Alcalde desposta que haberá unha resolución para determinalos unha vez falado cos sindicatos, en principio serán os servizos propios dun sábado.

P.2. *En que situación se atopan os expedientes dos edificios que se teñen que demoler.*

O Alcalde dille que fará un repaso para non errarse.

P.3. En que estado está a situación das empresas do polígono industrial.

O Alcalde di que son cuestións entre as empresas e outras entidades que son as que se encargan da xestión do polígono, como é SEA (Sociedade Empresarial do Atlántico) ou Fenosa. Non está implicado o concello. Neste intre hai un servizo provisional de auga e si exis-

te un interese en que se solucionar o tema do roubo do cobre na zona, especialmente na estrada principal, e se procurará negociar para apañar o tema do alumeado.

O concelleiro J.Carlos Gey Hermo apunta que non hai ningunha empresa que non teña toda a tramitación municipal feita, coa correspondente licenza de actividade e de obra, e non hai nada pendente de apertura por falta de subministro.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as 21:25 HORAS, de orde da Presidencia, ábrese a sesión a ROGOS E PREGUNTAS DO PUBLICO ASISTENTE.

Levántase a sesión ás 21:27 horas, da que se estende a presente acta, do que eu, Secretaria, dou fe.

O Alcalde.

A Secretaria.

Adolfo Muíños Sánchez

Carolina Costoya Pardo